O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, Patricia Otero Rodríguez, Martín Seco García e Eduardo Ojea Arias, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No ano 2007 a Xunta de Galicia encarga o estudio informativo e de impacto ambiental da variante sur de Carballo. Este documento foi sometido a información pública en setembro de 2007 e aprobado por resolución da Dirección Xeral de Obras Públicas o 13 de abril de 2009, DOG de 23 de abril.

Naturalmente, este documento xustifica o interese público do investimento que se propón. Entre outros datos, referidos ao ano 2006, cando se fan os estudos previos:

-Os medidores de aforo de tráfico na AC-552 dan máis de 15.000 coches diarios, dos que máis de 1.000 son pesados. A tendencia vai en aumento.

-As enquisas de tráfico realizadas indican as seguintes captacións de tráfico entre os distintos enlaces da futura variante:

- . Enlace de Bértoa coa AC-552-Enlace Estrada de Ordes: 7.000 veh/día
- . Enlace Estrada de Ordes-Enlace Estrada Santiago: 5.500 veh/día
- . Enlace Estrada Santiago: 5.500 veh/día

-Ten escaso impacto ambiental

- O orzamento de contrata resulta de 11.114.420,37 € (IVE do 16 %)

No ano 2009 inícianse os sucesivos gobernos do PP. No ano 2009 o expediente segue o seu curso e a nova Administración encarga e aproba o proxecto de execución da obra.

O último ano que aparece o proxecto nos orzamentos é o 2011:

- 2011: 153.000 €
- 2012: 3.100.000 €
- 2013: 7.000.000 €
- 2014 e seguintes: 4.700.000 €



Posteriormente o proxecto desaparece dos orzamentos da Xunta de Galicia ata os do ano 2020.

Os estudos de tráfico citados antes veñen a demostrar que Carballo está afogado polo tráfico rodado. Está resolto o tráfico que circula polo eixo Coruña-Arteixo-Carballo-Fisterra, con variantes cara ás poboacións da Costa da Morte; pero non a circulación norte-sur. O tráfico lixeiro e pesado que proceda do Eixo Coruña-Arteixo-A Laracha-Polígono de Bértoa (Carballo) e dos concellos de Coristanco, Malpica, Ponteceso e Cabana ten necesariamente que cruzar o casco urbano de Carballo coa correspondente sobrecarga e perigo. Case a diario hai transportes pesados que quedan atrapados por non existir unha ruta clara que poida ser sinalizada.

Con motivo das últimas campañas municipais e autonómicas o proxecto volveu á actualidade, sobre todo pola presión do empresariado do parque industrial de Carballo, que ve imprescindible esta infraestrutura. En diversas reunións e actos públicos o presidente e a conselleira comprometéronse co proxecto.

Cando se saca do caixón o proxecto aprobado en 2010 compróbase que está caducado. A Axencia Galega de Infraestruturas saca a licitación a actualización da primeira fase do proxecto, incluído o estudo informativo e de impacto ambiental.

A redacción foi adxudicada a Noega Engeneiros, SL 4/12/2020, por 13.1627,43 € e un prazo de execución de 20 meses, prazo que parecía excesivo para uns traballos de actualización dun proxecto.

A día de hoxe o prazo dado para a presentación do proxecto obxecto do contrato está esgotado dende hai máis de dous meses, sen que se teña constancia da súa situación.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, dunha vez, lle dea un impulso decidido á infraestrutura da variante de Carballo.

Pazo do Parlamento, 21 de novembro de 2022



Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 21/11/2022 16:13:53

Martín Seco García na data 21/11/2022 16:14:09

Eduardo Ojea Arias na data 21/11/2022 16:14:27

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/11/2022 16:14:38



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Os humidais son ecosistemas dun moi elevado valor ecolóxico, que actúan como soporte dunha importante biodiversidade, incluíndo aves, anfíbios, réptiles e mamíferos e contribúen decisivamente á loita contra o cambio climático. Son esenciais para frear riadas e inundacións en épocas de crecida de caudais, crean chan, estabilizan as costas, controlan a erosión e recargan e purifican acuíferos e augas subterráneas. Ademais as turbeiras e humidais arborados son particularmente importantes como sumidoiros de carbono, estimándose que as turbeiras almacenan máis do 25 % do carbono do solo, a pesar de representar o 3 % da superficie.

Galicia, dadas as súas características climatolóxicas e xeográficas, conta aínda cunha elevada riqueza deste tipo de ecosistemas, a pesar de que moitos desapareceron e moitos máis sufriron agresións de todo tipo nas últimas décadas. O convenio Ramsar de 1982 marcou o inicio da protección destes espazos, complementada pola lexislación ambiental europea e pola directiva marco de augas, así como pola propia lexislación estatal. En Galicia, o Decreto 127/2008, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos de Galicia, establece a regulación autonómica na materia, tendo como obxectivos, segundo o artigo 1 do propio decreto:

- a) O desenvolvemento do réxime xurídico dos humidais protexidos de Galicia establecido no artigo 14 da Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza.
- b) A creación e regulación do Inventario de humidais de Galicia.

Consonte ao artigo 13, o inventario configúrase como o instrumento que recollerá de forma sistemática nas zonas húmidas situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia que se atopen incluídas nalgunha das tipoloxías establecidas no anexo II.

Segundo o artigo 14.1 do decreto, o Inventario de humidais de Galicia “constitúe un rexistro público de natureza administrativa dos humidais localizados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia” e segundo o artigo 14.3 “o



inventario de humidais de Galicia ten carácter público e poderá ser obxecto de consulta pública permanente”.

Finalmente, o artigo 15 determina que a inclusión dos humidais no inventario se faga de oficio e sexa obxecto de publicación no DOG.

A pesar das previsións deste decreto, ben claras e non deixadas á discrecionalidade da Administración autonómica, 12 anos despois da entrada en vigor desta norma non existe o inventario de humidais previsto detalladamente no propio decreto.

Deste xeito, fóra dos 5 humidais teoricamente protexidos da ría do Eo, ría de Ortigueira e Ladrado, lagoa e areal de Valdoviño, complexo das praias, duna e lagoa de Corrubedo e complexo intermareal Umia-O Grove, que representan a cativa porcentaxe do 2,5 % da superficie total protexida en España no marco do convenio Ramsar, o resto dos humidais de Galicia, que superan o millar, non existen para a Administración, polo que habitualmente nin sequera son tidos en conta nas declaracións de impacto ambiental, por exemplo dos numerosos parques eólicos que se están a desenvolver nos últimos tempos.

Non obstante, cada ano a Xunta celebra o día mundial dos humidais falando da súa importancia coa foto e nota de prensa correspondente. Así, por exemplo, no cada vez máis distante ano 2013, o delegado da Xunta en Ourense personábase na Limia (exemplo de degradación de espazos deste tipo) para dicir que o 80 % destes espazos “tería a máxima protección ambiental”, quedando incluído na ampliación da Rede Natura, que consideraba inminente. Tamén cuantificaba o seu número afirmando que Galicia conta con 1.100 humidais, que suman 70.000 hectáreas repartidas maioritariamente entre os sectores litorais e as áreas de montaña, “segundo o inventario da Xunta”, cousa moi sorprendente considerando que tal inventario non existe aínda a día de hoxe e que a práctica totalidade deses espazos non só non ten “a máxima protección ambiental” senón que non ten ningún tipo de protección.

Propaganda aparte, a realidade é que a desprotección das nosas zonas húmidas é hoxe case total, estando sometidas a todo tipo de agresións, entre as que destacan historicamente a desecación da Lagoa de Antela e na actualidade a plantación masiva de eucaliptos paralela á súa desecación ou o aluvión de proxectos eólicos que nin sequera teñen en conta a existencia dos humidais porque, administrativamente, para a Xunta de Galicia non existen, ademais de actividades gandeiras intensivas altamente contaminantes e respecto das cales a Xunta mira para outro sitio.



Esta situación de case total desprotección das nosas zonas húmidas é incompatible co Convenio Ramsar, subscrito por España, e tamén co noso dereito medioambiental, que inclúe a normativa europea. Á enorme importancia medioambiental das zonas húmidas engádese ademais o carácter vital destes ecosistemas para o ciclo da auga da que dependemos para vivir e que vai resultar cada vez máis escasa no futuro como resultado do cambio climático, que tende a cronificar a seca incluso en lugares tradicionalmente húmidos como Galicia.

Por tanto, se a desprotección das zonas húmidas carecía de xustificación no pasado, cos coñecementos e capacidade de previsión actuais, manter esta situación atenta contra os máis elementais principios do bo goberno, da ética pública e do sentido común.

O MITECO puxo en marcha este ano o Plan Estratéxico de Humidais para impulsar a conservación e recuperación destes ecosistemas clave, co obxectivo de mellorar o estado da metade dos nosos humidais de aquí o ano 2030, ademais de incluír na compoñente 4 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) unha partida dedicada á conservación e restauración dos humidais, transferindo en 2021 ás CC.AA máis de 120 millóns para esa finalidade, con carácter complementario dos fondos que dedican as confederacións hidrográficas para a mesma finalidade.

Finalmente, en decembro de 2021 comezou a nivel europeo o proxecto *Waterlands*, financiado pola UE, que ten como obxectivo principal sentar as bases para a protección e restauración dos humidais europeos a longo prazo poñendo a traballar inicialmente a 32 organizacións en 14 países.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate e aprobación:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que protexa as zonas húmidas de Galicia preservando a súa biodiversidade e as súas importantísimas funcións ecolóxicas e, para iso:

1º) Que adopte as medidas oportunas para evitar a realización nas zonas húmidas de proxectos, explotacións ou actividades que comprometan a súa integridade, tales como, entre outras, a plantación de eucaliptos, as actividades contaminantes e a instalación de parques eólicos, incluíndo a paralización cautelar, conforme á normativa vixente, das agresións que están xa a producirse.

2º) Que elabore inmediatamente e publique o inventario de zonas húmidas previsto no decreto 127/2008.



3º) Que elabore e poña en práctica un plan de protección das zonas húmidas incluíndo a restauración das degradadas, en liña co plan estatal.

Pazo do Parlamento, 21 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 21/11/2022 18:08:49

Paloma Castro Rey na data 21/11/2022 18:09:45

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/11/2022 18:09:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García, Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza demande ao goberno central o mantemento do topónimo oficial “Ría de Ribadeo”.

O Concello de Ribadeo recibiu hai uns días a notificación da nova Resolución do Instituto Geográfico Nacional (IGN) sobre o topónimo da Ría de Ribadeo, despois de que se tivese que volver tramitar o procedemento tras os recursos presentados tanto polo propio Concello de Ribadeo, como por outras partes interesadas.

Nesta resolución o Instituto Geográfico Nacional pretende equiparar o topónimo de “Ría del Eo” co de “Ría de Ribadeo”, sen que se analizasen realmente as alegacións presentadas, o que evidencia claramente un interese en dar carpetazo ao asunto de forma chapuceira e pechar o tema de forma rápida, decisión que volverá a ser recorrida polo Concello de Ribadeo para facer valer a legalidade.

No pasado mes de outubro xa se recibiu o novo informe da Comisión Especializada de Nombres Geográficos (CENG) ao tempo que se abría un trámite de audiencia, dentro da cal, novamente o Concello de Ribadeo presentou alegacións reafirmando os seus argumentos a favor da defensa do topónimo de “Ría de Ribadeo” como único posible, rebatendo os pobres e arbitrarios argumentos que se están utilizando para recoñecer o topónimo de “Ría del Eo”.

O resultado agora volve ser o mesmo. Pese a emitir un novo informe da CENG no que se pretenden corrixir os vicios cometidos no anterior procedemento, as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

argumentacións utilizadas á hora de equiparar o topónimo de “Ría del Eo” ao de “Ría de Ribadeo” son máis que cuestionables, pois apóianse na presenza puntual e non continuada do topónimo “Ría del Eo” en escasa documentación histórica, no uso estendido na marxe asturiana da Ría de Ribadeo nos últimos anos e nunha aplicación totalmente arbitraria e sesgada das recomendacións da Organización das Nacións Unidas sobre estes asuntos, o que, en ningún caso pode ser fundamento para a oficialidade que se pretende outorgar a este topónimo. Todo isto, sen tan sequera pararse a analizar as alegacións presentadas polo Concello de Ribadeo, simplemente limitándose a sinalar que foron presentadas.

A Ría de Ribadeo é un ben común, tanto de asturianos como de galegos, non é máis dunha marxe que doutra, debe servir de ponte de unión e non de enfrontamento, pero isto non é óbice para a defensa do topónimo tradicional e oficial como único válido. Todas as fontes científicas e históricas desde hai séculos avalan que todas as rías tanto en Galiza coma en Asturias levan o nome da poboación máis importante. Así, por exemplo non é Ría do Verdugo, é Ría de Vigo, non é Ría do Landro, é Ría de Viveiro, non é Ría del Navia, é Ría de Navia ou non é Ría del Sella, é Ría de Ribadesella e polo tanto, non é “Ría del Eo”, é Ría de Ribadeo.

Debe respectarse a nomenclatura tradicional, deixar a un lado este enfrontamento e preocuparse polos verdadeiros problemas da Ría de Ribadeo, como é a falta de saneamento ou a recuperación do entorno natural.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1- Adoptar as medidas oportunas para defender a toponimia oficial e recoñecer unicamente o nome oficial de “Ría de Ribadeo”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2- Demandar ao Goberno Central a que realice as accións precisas para acadar a nulidade da última resolución do Instituto Geográfico Nacional.”

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2022

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2022 18:09:14

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/11/2022 18:09:18

Daniel Castro García na data 21/11/2022 18:09:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as necesidades do IES Concepción Arenal do concello de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES Concepción Arenal é o centro educativo con máis historia da cidade de Ferrol, de feito en poucos anos vai conmemorar os 100 anos da súa existencia, aínda que é desde mediados dos anos 50 do século pasado que ocupa o edificio onde se atopa na actualidade.

Durante estes anos o centro foi obxecto de diversas reformas de maior ou menor envergadura mais na actualidade precisa con urxencia dunha profunda reforma, xa que hai elementos do mesmo que teñen máis de 70 anos e presenta diferentes patoloxías polo paso do tempo.

Os corredores do centro presentan graves deterioros, desgaste, humidades, e zócalos que están a desprenderse literalmente. A maioría das portas do centro non foron cambiadas desde a súa inauguración, o que provoca problemas cos sistemas de pechadura, por obsoletos, deficiencias co illamento acústico das aulas etc.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A casa do director presenta tamén un grave deterioro debido ás humidades provocadas polas deficiencias existentes na cuberta do instituto, e a fachada principal tamén sofre humidades e o desconchado da súa pintura.

Así mesmo as instalacións para desenvolver as aulas de educación física son pequenas e insuficientes para esta actividade, xa que o centro apenas dispón dun pequeno ximnasio, polo que sería necesario, cando menos, cubrir unha das pistas deportivas que o centro ten no exterior para ser utilizado tanto para as aulas de educación física como para o lecer do alumnado nos recreos en caso de mal tempo.

É por isto que desde o centro están a demandar unha reforma integral do mesmo, corredores, escaleiras, novas portas, nova iluminación interior, reparación das deficiencias estruturais, e a mencionada pista deportiva cuberta.

Por estas razóns, o Grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a realizar unha reforma integral do IES Concepción Arenal que recolla as demandas actuais da comunidade educativa deste centro incluíndo a dotación dun espazo exterior cuberto.”

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**
Deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Lourenzo Sobral
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/11/2022 19:01:41

Ramón Fernández Alfonzo na data 21/11/2022 19:01:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as accións a tomar pola Xunta para evitar o desbastecemento de fármacos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada vez son máis as notificacións de desabastecemento de fármacos no noso país, segundo a propia AEMPS, as notificacións de desabastecemento foron en aumento sen parar nos últimos anos, un de cada tres fármacos sufriu algunha incidencia, aumentando até chegar ao 40% no último ano.

Faltan todo tipo de medicamentos: analxésicos, antiinflamatorios, ansiolíticos, tranquilizantes, antibióticos, anticuagulantes... Algúns poden ser substituídos por outros, mais outros como é o caso da insulina non é así polo que a preocupación e a alarmas son máis que xustificadas

Segundo diversas informacións a razón de que os laboratorios non teñan medicamentos a disposición é a falta de materias primas, tanto dos propios principios activos como de materiais para o seu envasado, pero o máis preocupante é que en moitos casos a industria farmacéutica opta por vender os seus produtos noutros países onde obteñen máis marxe, ou a sanidade privada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O BNG súmase á preocupación de doentes, profesionais sanitarios e establecementos farmacéuticos por esta situación que obriga á poboación a peregrinar de establecemento en establecemento para ver se conseguen os fármacos e atoparse en algúns casos como é o da insulina que se lles está a dicir que non van ter subministro até dentro de varios meses.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1.- Realizar todas as actuacións para garantir que ningún galeg@ quede sen a medicación que precisa por desabastecemento de fármacos, en especial os que non poden ser substituídos.

2.- Presentar no Parlamento Galego un informe, tanto das medidas tomadas para garantir que @s galeg@s que o precisen non queden sen medicación, como das consecuencias nos doentes do desabastecemento continuo de fármacos sobor de todos que non poden ser substituídos.”

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 22/11/2022 09:31:18

Iria Carreira Pazos na data 22/11/2022 09:31:21

María Montserrat Prado Cores na data 22/11/2022 09:31:33



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Nos últimos anos a Xunta de Galicia contrataba durante 6 meses o servizo dun tractor e dunha brigada para a limpeza e mantemento do parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés.

Cada mes a brigada e o tractor realizaban tarefas de mantemento nun concello que pertence ao parque natural (Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños).

A preguntas sobre o particular, antes de que comezara a tempada de verán 2022, respóndeselles verbalmente que este ano non se conta con dotación orzamentaria para poñer en funcionamento a prestación descrita.

En plena época estival a directora xeral de Patrimonio Natural cita en Ourense os rexedores dos seis concellos do parque para anunciarlles que finalmente se van a levar a cabo algúns traballos de desbroce en cada un dos termos municipais.

Tales actuacións, descoñecidas ata ese momento polos alcaldes, supón de media o emprego de 3 ou 4 días en cada concello para a limpeza de rutas e zonas recreativas que na maioría dos casos non coincide cos lugares de interese que os representantes municipais consideran prioritarios.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que cando menos restableza o servizo de limpeza e mantemento co que durante seis meses apoiaba os concellos pertencentes ao Parque Natural Baixa Limia -Serra Xurés. Así mesmo, que ditos traballos sexan planificados co tempo de antelación apropiado e se coordine cos entes municipais ós que vai destinado.



Pazo do Parlamento, 21 de novembro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/11/2022 10:27:15

Martín Seco García na data 22/11/2022 10:27:24

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/11/2022 10:27:38



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Diferentes estudos actuais apuntan a que entre 700.000 e 800.000 persoas sofren algún problema de insuficiencia cardíaca en España, e que os datos en Galicia non se limitan a ser a correspondencia estatística senón que a incidencia é notoriamente maior. De maneira engadida, a insuficiencia cardíaca amosa precisar dunha atención específica á supervivencia do paciente a 5 anos vista, horizonte con respecto ao que existen datos preocupantes que deberían facer que atendésemos con maior intensidade á súa prevención e tratamento. O aumento dos casos de insuficiencia cardíaca ten aumentado por riba dun 20 % na última década, cunha taxa de mortalidade por riba do 10 %.

Os datos sobre cuestións tan relevantes como as mencionadas serían máis que suficientes para tomar decisións proactivas en favor de afondar na prevención e tratamento desta afectación. Pero aínda así é de certo interese expoñer que unha toma de decisións real e efectiva neste campo tamén contribuíría a unha maior eficiencia na xestión do sistema, por resolver problemas de recaídas e reingreso no sistema.

Galicia mantense nun discreto segundo plano no que corresponde á xestión sanitaria orientada cara a insuficiencia cardíaca. Os equipos profesionais evidencian unha altísima calidade, como amosan os criterios clínicos e a referencia nacional e internacional dos avances que se producen, mais os criterios de xestión están quedando atrás neste campo e non avanza á velocidade que deberan. A relevancia desta afectación merecería unha intervención máis proactiva sobre campañas de prevención, e tamén é preciso implementar maior conexión dos servizos de cardiología coa atención primaria para ser quen de adiantarse antes os problemas e para difundir mellores hábitos de vida dende a perspectiva da saúde comunitaria, hoxe afogada pola saturación da atención primaria.

No pasado mes de maio, o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde deseñou e aprobou o Plan Estratéxico Nacional de loita contra a insuficiencia



cardíaca, que serve de marco para que as comunidades autónomas desenvolvan as súas propias estratexias autonómicas. Galicia, non en tanto, non deu aínda síntomas de avanzar nesta cuestión mentres moitas outras comunidades autónomas xa incorporaron esta cuestión no seu deseño estratéxico do seu correspondente sistema de saúde.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Iniciar unha campaña de sensibilización sobre a importancia dos coidados para unha mellor saúde cardiovascular, e de alerta sobre a incidencia da insuficiencia cardíaca e as súas consecuencias na poboación de Galicia.
2. Reforzar o papel do persoal de atención primaria na detección precoz e continuidade asistencial sobre a insuficiencia cardíaca, coa dotación de recursos materiais e humanos precisos para fomentar esta labor.
3. Elaborar unha Estratexia Galega de loita contra a Insuficiencia Cardíaca, seguindo as indicacións do acordado no CISNS entre as comunidades autónomas e o Ministerio de Sanidade, que permita habilitar protocolos de actuación e deseños estratéxicos en prevención e tratamento de pacientes sobre insuficiencia cardíaca ao maior nivel asistencial posible.

Pazo do Parlamento, 22 de novembro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 22/11/2022 10:43:20

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2022 10:45:24
Nº Rexistro: 44139
Data envío: 22/11/2022 10:45:24.484

Marina Ortega Otero na data 22/11/2022 10:43:29

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/11/2022 10:43:38

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Martín Seco García e María Leticia Gallego Sanromán, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Goberno do Estado, na súa aposta por medidas de apoio á nosa industria e ao mantemento de emprego de calidade, concedeu 44 millóns de euros en axudas a instalacións industriais de Galicia dentro do mecanismo de compensación de CO2.

Estas axudas son clave para o avance da nosa industria e para protexer os postos de traballo de moitos traballadores e traballadoras do noso territorio, unhas axudas que intensifican as medidas tomadas polo Goberno do Estado para reforzar a competitividade dos sectores industriais fronte á actual situación dos prezos da enerxía que sacude toda Europa, unhas medidas que establecen axudas directas, como eses 44 millóns e outras indirectas como as rebaixas de impostos nas que se está a traballar ou a inclusión temporal das plantas de coxeración das industrias con gran consumo de gas no mecanismo de excepción ibérica.

Estas axudas incluídas polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo na proposta de resolución provisional das axudas do mecanismo de compensación de custos de emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro contan con 244 millóns de euros e foron adxudicados case na súa totalidade, sendo Galicia a comunidade de toda España que máis fondos recibe, un 18 % do total dispoñible en 13 concesións.

Son perceptores destas axudas empresas como ALCOA, Aluminios Cortizo, XEAL, Papeleira de Brandía, a factoría de ENCE en Pontevedra, EXLABESA, MEGASA, FERROGLOBE, CELSA ou o complexo industrial de REPSOL na Coruña e dentro destes perceptores, as factorías de ALCOA en San Cibrao son as máis beneficiadas cun total de 29,85 millóns de euros en axuda directa, algo que pon de manifesto quen traballa polo mantemento do emprego na Mariña lucense á espera de que a Xunta de Galicia cumpra con algo máis que palabras á hora de garantir o futuro desta planta ou en FERROGLOBE na que ademais de estas axudas tivo que ser a SEPI a que rescatara a esta empresa con 34,5 millóns de euros.

O Goberno galego, que polo noso Estatuto de autonomía é a administración competente en materia industrial, non estableceu medidas de apoio a estas



empresas, pese ás emendas que o noso grupo presentara aos orzamentos da Xunta de Galicia do 2022 para habilitar fondos para esta cuestión. Tampouco estamos a ver como dende o Goberno galego impulsan a implantación de enerxía renovable ligada a este tipo de produción industrial que podería garantir uns prezos razoables para a súa competitividade.

Do mesmo xeito que o Goberno estatal pon os seus esforzos para apoiar as ditas empresas dende o Grupo Socialista entendemos que o Goberno galego debería facer un esforzo máis aló de palabras que desaparecen tal e como chegan.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a.

1º. Implementar unha liña de axudas con fondos propios ás industrias con altos custos de emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro tal e como fai o Goberno estatal.

2º. Adoptar as medidas necesarias para unha pronta reactivación da produción nas fábricas de Alcoa en San Cibrao e Ferroglobe en Sabón.

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 22/11/2022 12:17:25

María Leticia Gallego Sanromán na data 22/11/2022 12:17:44

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/11/2022 12:17:58



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A segunda maior navieira de contedores do mundo, a danesa Maersk, ten previsto facer de España uno dos seus grandes centros de abastecemento de combustible renovable para a súa frota, composta por uns 715 buques, cun proxecto orzado nuns 10.000 millóns de euros de investimento e que xerará 85.000 postos de traballo: 5.000 directos, 40.000 indirectos e outros tantos na fase de execución. Así, pretende construír en Galicia e en Andalucía senllas fábricas de metanol verde, o biocombustible que substituirá ao gasóleo que empregan actualmente os cargueiros e co que prevé descarbonizar a súa frota.

Con máis dun século de historia ás súas costas, a navieira danesa Maersk pode presumir de ser un dos principais referentes do sector do transporte marítimo a nivel mundial. Neste camiño de crecemento, decidiu hai uns anos navegar cara a un futuro moito máis verde e respectuoso co medio ambiente e neste proceso é onde entra en xogo Galicia, que despois do traballo do Goberno central, foi xunto con Andalucía as elixidas para desenvolver un ambicioso proxecto enerxético co que seguir alimentando aos seus barcos.

Galicia non é un territorio descoñecido para Maersk, xa que a navieira traballa no porto de Marín facendo de escala a un barco *feeder* un portacontedores que leva unha carga que posteriormente introduce noutro de maiores dimensións, cunha periodicidade semanal. Este traxecto permítelle conectar a terminal pontevedresa con Alxeciras por mar, pero tamén por terra xa que conecta a vila mariñá con Alxeciras a través dun tren semanal. E esta ruta representa todo un fito, porque cos seus 1.650 quilómetros trátase do traxecto ferroviario con carga refrixerada máis longo de España.

Maersk destina dos 293 millóns de euros que pagou durante o 2021 en concepto de impostos en Europa, uns 60 millóns quedaron en territorio español, unha cifra que previsiblemente crecerá nos próximos meses se finalmente leva a cabo o proxecto anunciado e tamén influirá no mercado laboral, xa que os dous novos centros de produción de metanol verde de Maersk anunciados suporán a creación de 5.000 empregos directos, 40.000 indirectos e outros 40.000 que se xerarán durante a fase de construción dos dous centros.



O conselleiro delegado da multinacional danesa, Soren Skou, e o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, asinaron un protocolo xeral de colaboración para explorar as oportunidades de produción de combustibles verdes a gran escala en España. En Galicia hai moitas posibilidades de ter a disposición enerxía eólica e Andalucía conta cun gran número de parques fotovoltaicos, ademais de estar ambas comunidades situadas en localizacións estratéxicas nas rutas marítimas do Atlántico e do Mediterráneo polas que discorrerán os barcos de Maersk.

Este proxecto pode implicar unha revolución no deseño desas rutas para que os barcos dispoñan de puntos de aprovisionamento de combustibles renovables, aínda que a localización exacta das fábricas de metanol verde non é oficial, estarán situadas en terminais portuarias para que os barcos de Maersk poidan encher os seus depósitos. Unha das localizacións posibles é o porto exterior de Langosteira que xa foi visitado por representantes da empresa danesa.

Dos 10.000 millóns de investimento, ao redor do 40 % destinarase ás fábricas, mentres que o resto dedicarase á construción de instalacións renovables que producirán a electricidade necesaria para obter primeiro hidróxeno verde e, a partir del, metanol, aínda que tamén subscribirá contratos bilaterais de subministración (PPA) de enerxía con outros promotores. Unha fórmula esta última que está a proliferar para conseguir electricidade a prezos máis baixos co obxectivo de impulsar proxectos industriais. Este proxecto podería xerar ata dous millóns de toneladas de combustibles verdes ao ano segundo informou a multinacional danesa. Esta necesitará seis millóns anuais para alcanzar o seu obxectivo de emisións no 2030 e cantidades aínda maiores no 2040, para cando quere chegar ás cero emisións netas.

De momento, a multinacional xa encargou 19 buques capaces de funcionar con metanol verde para poñelos en funcionamento entre o 2023 e o 2025. Necesitarán 750.000 toneladas de combustible, que non serán españolas, porque fontes gobernamentais explicaron que en 2027 estaría operativa a primeira fábrica española, pero non precisaron se a galega ou a andaluza, para comezar inmediatamente despois da posta en marcha da segunda.

O presidente da Xunta declarou o propio día do anuncio oficial realizado polo presidente do Goberno e Maersk que descoñecía o proxecto e que non tiveran participación no acordo, unha información que indica o grao de incapacidade para a negociación e captación de proxectos industriais do Goberno galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a utilizar as súas competencias industriais e territoriais para impulsar o proxecto de Maersk en Galicia e mellorar o traballo de captación de proxectos industriais no noso territorio.

Pazo do Parlamento, 17 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 17/11/2022 16:42:27

María Leticia Gallego Sanromán na data 17/11/2022 16:42:47

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/11/2022 16:42:57



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Son inaceptables os problemas que dende hai tempo se están a dar no servizo de pediatría do centro de saúde de Viveiro. Non é un problema puntual, levan moito tempo así, con tempadas nas que hai un só pediatra no centro.

Dende hai días a situación agravouse, xa que faltan os dous pediatras deste centro de saúde, que atende a máis de 1.600 nenos e nenas, non só de Viveiro, senón que esta carencia tamén afecta aos menores dos concellos de Ourol e O Vicedo.

Ante esta situación as primeiras citas dispoñibles de pediatría no centro de saúde de Viveiro son para o próximo día 2 de decembro, e os nenos están a ser derivados ao servizo de urxencias ante a imposibilidade de ser vistos por un pediatra no centro de Viveiro.

Son numerosas as queixas das familias pola carencia deste servizo de pediatría no centro de saúde de Viveiro, e vimos como o pasado domingo, 20 de novembro, tiña lugar unha concentración moi numerosa diante deste centro na que se lle esixía ao Sergas que o dotase de especialistas de forma estable, pedían a cobertura das dúas prazas de pediatría. Foron tantas as reclamación presentadas polos pais e nais no día de onte, que a propia Plataforma Sanitaria da Mariña esgotou os formularios de reclamacións.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que de xeito urxente cubra, de maneira continuada, as dúas prazas de pediatría do centro de saúde de Viveiro para que teña a capacidade asistencial que ten asignada.

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2022



Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 22/11/2022 13:18:24

Julio Torrado Quintela na data 22/11/2022 13:18:39

Marina Ortega Otero na data 22/11/2022 13:18:54

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/11/2022 13:19:09





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Ovidio Rodeiro Tato, José Luis Ferro Iglesias, Teresa Egerique Mosquera, Corina Porro Martinez, María Elena Suárez Sarmiento, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado e Moisés Rodríguez Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de Motivos:

O Ministerio de Trabajo y Economía Social está redactando un futuro “Estatuto do Bolseiro”. Un texto normativo que regulará o ámbito das prácticas académicas e que afectará a miles de estudantes só en Galicia.

A afirmación de que o departamento con competencias en traballo está elaborando unha normativa que afectará directamente ao ámbito educativo xa debería facer saltar as alarmas. Sen embargo, a cuestión é aínda máis grave cando certificamos que a día de hoxe as Comunidades Autónomas –as encargadas de xestionar o día a día da educación no noso país– non foron consultadas nin convocadas para poder realizar aportacións sobre a oportunidade e o fondo desta nova regulación.

Non comprendemos cales son os motivos que explican o escurantismo e a falta de transparencia na tramitación deste futuro “Estatuto do Bolseiro” por parte do Ministerio de Trabajo y Economía Social. Así mesmo, descoñecemos os motivos que levan ao Goberno do Estado a laborar unha actividade –esencialmente académica– saltándose a todo o sistema educativo.

O que está claro é que, tal e como se está formulando, o novo texto nunca poderá dar resposta aos problemas que pretende solucionar debido a un dobre erro de formulación:



- Por unha banda, porque pon o foco sobre o ámbito laboral cando estamos diante dunha actividade que é esencialmente académica, o que evidencia un absoluto descoñecemento do sistema educativo, especialmente do funcionamento da Formación Profesional.
- E, pola outra, porque demoniza ás empresas, cando son fundamentais no proceso de formación.

Do coñecido ata o momento a través dos medios de comunicación, parece que o borrador do Goberno pretende equiparar aos bolseiros cos traballadores das empresas ou organismos nos que desenvolvan as prácticas, cando non o son, e pon o foco na remuneración como solución para as posibles fraudes.

Lonxe de mellorar as condicións dos bolseiros, desde o Grupo Popular consideramos que a actual formulación do “Estatuto do Bolseiro” desincentiva ás empresas a participar na formación dos estudantes de formación profesional e de universidade, coa consecuente redución da oferta formativa e de prácticas. Do mesmo xeito, non asegurará aos estudantes desfrutar da formación como ata agora, ao desaparecer as prácticas extracurriculares.

Por suposto, sobra dicir que o Grupo Popular está absolutamente a favor de evitar todo tipo de fraude ou abuso aos bolseiros. É fundamental dar certezas aos estudantes, asegurando os seus dereitos, pero tamén é clave facilitar a súa formación práctica, para unha posterior incorporación ao mercado laboral, a finalidade última do sistema. Nestes momentos, entre o alumnado vinculado a prácticas de Formación Profesional e Universidade a regulación afectará, só en Galicia, a preto de 30.000 persoas.

O Ministerio de Yolanda Díaz, non aclara que administración asumirá os custes dos novos cambios. Xa quedou acreditado a que o actual Goberno non achega os recursos

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal





necesarios ás Comunidades Autónomas para facer fronte aos cambios normativos que el mesmo promove, o que pode redundar nun empeoramento xeral do sistema. Tamén a CRUE ten manifestado en contra desta iniciativa por entender que prexudica aos estudantes universitarios. A día de hoxe descoñécese a participación do Ministerio de Educación y Formación Profesional.

Evitar a mala *praxis* en casos puntuais non pode ser sinónimo de poñer en perigo as prácticas do alumnado con carácter xeral, máxime cando estas teñen demostrado ser un instrumento moi eficaz á hora de facilitar a integración á mocidade no mercado laboral. Por outra banda, tal e como está xestionando este asunto o Goberno do Estado, invádense as competencias da Xunta de Galicia en materia educativa, empregando de xeito fraudulento a modificación da regulación laboral.

Polo Exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España o inicio dun proceso de diálogo coas Comunidades Autónomas, como competentes en materia educativa xunto ao Ministerio de Educación y Formación Profesional, que garanta os dereitos dos implicados nas prácticas académicas, nomeadamente os dos bolseiros, e evite efectos perversos no sistema educativo que prexudiquen aos estudantes e á calidade da educación”.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2022.





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 44176
Data envío: 22/11/2022 16:24:27.047

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/11/2022 16:12:27

Ovidio Rodeiro Tato na data 22/11/2022 16:18:38

Teresa Egerique Mosquera na data 22/11/2022 16:18:50

José Luis Ferro Iglesias na data 22/11/2022 16:19:02

María Corina Porro Martínez na data 22/11/2022 16:19:19

María Elena Suárez Sarmiento na data 22/11/2022 16:19:47

María Felisa Rodríguez Carrera na data 22/11/2022 16:20:03

Gómez Salgado, Carlos na data 22/11/2022 16:20:15

Rodríguez Pérez, Moisés na data 22/11/2022 16:20:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-UZyoCnBIZ-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia é un dos territorios máis envellecidos de Europa, e estará entre as 3 zonas que máis o estarán nos vindeiros 20 anos segundo diversos informes expertos no seo da Unión Europea. A poboación galega amosa unha evidente tendencia a aumentar a súa idade, e a que os nosos maiores vivan máis tempo.

Este avance relevante é positivo se vén acompañado de maior calidade de vida, especialmente nestes anos da vida. Para iso precisamos un sistema social que cubra as necesidades dos nosos maiores. No plano sanitario o aumento de idade tende a ir acompañado de maior frecuentación do propio sistema, tanto en atención primaria como na atención hospitalaria para os problemas específicos. Ata o de agora ambas dimensións sofren problemas de xestión no sistema sanitario. No caso da atención primaria pola evidente perda de control do sistema por parte do goberno de Galicia que provoca saturacións e problemas nunca coñecidos, con esperas longas, falta de profesionais nos centros de saúde e afastamento dos servizos dos contornos máis rurais, o que prexudica a aquelas persoas que viven en zonas máis despoboadas que son, en boa parte, persoas maiores que teñen maior dificultade para desprazarse e para ser operativo antes os erros de xestión.

No plano hospitalario en Galicia tamén existe un problema de déficit de profesionais, pois a maior parte de situacións de persoas maiores son cubertas por profesionais de medicina interna, que é un servizo que nos últimos tempos vense caracterizando por evidenciar problemas estruturais na súa xestión e planificación por parte da Consellería de Sanidade. Estes servizos, xa de por si saturados, teñen ademais a tarefa de atender ás persoas maiores por non existir unidades de xeriatria con persoal especializado salvo en Vigo e Lugo. Como caso paradigmático Ourense, a poboación máis envellecida de España, non ten servizo de xeriatria na súa rede de hospitais do sistema público.

Ante estes problemas, a Dirección do sistema sanitario público debe reaccionar e reorientar as decisións para dotar dos mecanismos necesarios para poder atender



ás necesidades das persoas maiores, coa súa especificidade e a atención que merecen.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Comprometer a creación dunha unidade de xeriatría en cada área sanitaria de Galicia durante o ano 2023.
2. Reforzar a capacidade da atención primaria para dar mellores posibilidades aos equipos sanitarios para atender ás persoas maiores e desenvolver accións de sanidade comunitaria no seu favor.

Pazo do Parlamento, 22 de novembro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asd.: Luis Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 22/11/2022 16:56:58

Marina Ortega Otero na data 22/11/2022 16:57:06

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/11/2022 16:57:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Carme González Iglesias** e **Alexandra Fernández Gómez** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a xestión do goberno galego en relación coa contaminación ambiental que sofre a veciñanza da parroquia de Matamá (Vigo) lindante co Polígono de Balaídos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os barrios de Roupeiro e Parada, situados na parroquia de Matamá do concello de Vigo, estreman coas instalacións do polígono de Balaídos. Unha proximidade que está a someter a estes barrios a unha presión industrial que lle xera á veciñanza unha situación medioambiental insostible.

Os cheiros, os ruídos e as partículas metálicas que lles chegan ás súas casas proveñen das instalacións de Stellantis. As naves de tratamento de superficie e lacado dos automóviles da citada factoría son as máis próximas á zona afectada e as que provocan a contaminación acústica e ambiental que sofre a veciñanza.

No ano 2003 constitúese a “Asociación de afectados pola ampliación da Zona Franca” para loitar contra a posible ampliación do polígono de Balaídos e contra a situación que sofren a diario pola súa proximidade ás súas vivendas.

Unha situación que afecta directamente a súa saúde; o ruído continuo, os cheiros permanentes e as partículas de pintura non só chegan ás súas casas e aos seus coches, senón tamén aos seus corpos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nos 19 anos de existencia a asociación de afectados dirixiuse, en nome da veciñanza, ao Concello de Vigo, á Xunta de Galicia, ao Goberno do Estado, a Valedoría do Pobo, á xustiza, ..., a calquera organismo que puidera aportar algunha solución á situación que sofren a diario. Mais a realidade é que ate o momento non se adoptou ningunha medida que evite a contaminación ambiental que produce a fábrica de automóbiles e a garanta a saúde das persoas que viven na proximidade da fábrica.

Esta situación tamén foi denunciada nos xulgados e estes déronlle a razón á veciñanza sentenciando que a responsabilidade de PSA (actualmente Stellantis) non ofrece dúbidas. Dálle a razón á veciñanza que leva anos denunciando e sufrindo as consecuencias da actividade que a planta automobilística desenvolve nas naves que están máis preto das súas casas, sen que ningunha administración nin autoridade competente tomara medidas para evitalas.

A demanda da “Asociación de afectados pola ampliación da Zona Franca”, que representa á veciñanza afectada, é que se tomen as medidas precisas para evitar a contaminación ambiental que se produce dende o polígono industrial de Balaídos e para garantir a súa saúde.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a adoptar todas as medidas necesarias para compatibilizar a existencia dunha zona industrial coa garantía á veciñanza da calidade de vida á que teñen dereito, evitando a emisión de partículas contaminantes, os ruídos e os cheiros que producen a actividade das naves de tratamento de superficie e lacado dos automóbiles de Stellantis, así como instar á Zona Franca á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

instalación dun perímetro verde de protección que sexa unha separación efectiva entre os usos residenciais e industriais.”

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2022

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/11/2022 17:06:41

Alexandra Fernández Gómez na data 22/11/2022 17:06:47

María do Carme González Iglesias na data 22/11/2022 17:06:56



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seu deputados e da súa deputada **Julio Torrado Quintela, Luis Manuel Álvarez Martínez e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A pandemia provocada pola COVID xerou algunhas situacións de alteración na asistencia en atención primaria na rede de centros de saúde de Galicia. A capacidade da primaria viuse sacudida pola necesidade de exercer como primeira barreira fronte á COVID, tarefa na que os profesionais demostraron unha vez máis a súa eficiencia e capacidade resolutiva a pesar de ter pouca coordinación dende a dirección do Sergas.

Unha vez superada a emerxencia sanitaria, e a pesares da lóxica vixilancia ante os problemas que aínda perduran vinculados á COVID, a asistencia sanitaria non pode ser o último sistema que recupere unha racional normalidade de funcionamento e, de facelo, é asumible que deba ser reforzada e con maior aposta dende a administración para a súa labor.

Non está a suceder isto en Abadín, onde os 3 cupos de facultativos existentes teñen pasado a ser única 1 de maneira real ao non substituír ou cubrir de maneira definitiva as ausencias dos outros dous profesionais. Así, a saturación soportada por este profesional está causando unha merma na calidade asistencial dos profesionais, así como un problema para o propio profesional.

O sistema de atención primaria de Galicia está a sufrir as consecuencias dos recortes da última década, constatando a través dos propios orzamentos da Xunta de Galicia como dende 2009 son máis de 900 profesionais menos existentes na actualidade que entón, e cun orzamento menor que por entón. A eliminación das xerencias de atención primaria coa creación das EOXI en 2012, a renuncia dos gobernos Feijoo a convocar todas as prazas MIR que estaban habilitadas durante anos deixando sen ocupar un 20 % delas (perdendo de formar a 151 médicos de familia) e as condicións laborais precarias para os profesionais sanitarios supoñen a tormenta perfecta para a actual situación. As iniciativas do goberno do Estado coa estabilización de milleiros de profesionais en toda España, e a convocatoria máis grandes da historia da formación MIR son grandes decisións para mellorar a



situación, pero a competencia en materia de sanidade corresponde á Xunta de Galicia que é a que determina as prazas que se convocan e as condicións laborais destas.

Este sistema collido con pinzas dificulta a mellor calidade posible da atención primaria, impedindo a continuidade na relación médico-paciente e a dispoñibilidade de atención e seguimento dos pacientes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir a mellor cobertura sanitaria posible no centro de saúde de Abadín coa presenza sistemática e continuada dos profesionais necesarios para cubrir os cupos establecidos para atención primaria neste centro.
2. Notificar de maneira formal ao Concello de Abadín do volume de cupos de atención primaria establecidos para o centro de saúde de Abadín na actualidade.

Pazo do Parlamento, 22 de novembro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputado – portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 22/11/2022 17:35:36

Marina Ortega Otero na data 22/11/2022 17:35:45





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/11/2022 17:38:12
Nº Rexistro: 44196
Data envío: 22/11/2022 17:38:12.719

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/11/2022 17:35:55

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O alumnado de Silleda comezou este novo curso 2022/2023 padecendo as graves deficiencias que dende hai anos afectan aos dous CEIP do municipio e a pesar de que a Xunta anunciou e comprometeu unha reforma e o arranxo nos centros en diversas ocasións, a derradeira en maio do 2021. De feito, e unha pasado o verán sen telas executalas o Concello tivo que desenvolver traballos nos colexios titularidade da Consellería de Educación antes do comezo de curso para paliar algúns danos e o deterioro provocado polas humidades.

No caso do CEIP de Silleda as necesidades se remontan a hai máis dunha década de reclamacións por parte do Concello e da comunidade educativa, necesidades que co paso dos anos se agravaron precisando dunha reforma integral ambiciosa ou mesmo como se ten formulado a construción dun novo centro. Estamos a falar dun dos centros educativos máis antigos da comarca e que acolle a máis de 350 nenos e nenas. A última reclamación formal foi no ano 2018. Ao mesmo tempo que o alumnado desta escola padece humidades e filtracións, problemas de climatización, problemas estruturais, nos baños... deficiencias que precisan unha atención urxente desde hai anos, desde a consellería vemos como se prioriza o arranxo e a renovación doutros centros máis novos e con menos alumnado sen argumentos ou criterios técnicos que avalen este agravio comparativo.

Igualmente, no CEIP Ramón de Valenzuela da Bandeira tamén están pendentes de ser acometidos diversos traballos para evitar entre outros problemas a filtración de humidades.

A pesar de coñecer esta precaria situación que padece o persoal docente e o alumnado deste centro a Consellería de Educación segue amosando un enorme desleixo á hora de dar resposta as necesidades e as xustas demandas do Concello e da comunidade educativa.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a acometer de xeito urxente as actuacións demandadas desde hai anos no CEIP Plurilingüe de Silleda e no CEIP Ramón de Valenzuela da Bandeira.

Pazo do Parlamento, 23 de novembro do 2022

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 23/11/2022 16:12:39

Julio Torrado Quintela na data 23/11/2022 16:12:47

Noa Susana Díaz Varela na data 23/11/2022 16:12:55

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/11/2022 16:13:06



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Xunta de Galicia debería actuar con dilixencia e conceder un prazo de execución e orzamento suficientes para que as explotacións gandeiras poidan contar coas medidas de prevención de ataques da fauna salvaxe que precisan para realizaren a súa actividade coa seguridade necesaria.

A Administración autonómica debe escoitar as reivindicacións das organizacións agrarias e aprobar sen demora unha ampliación do prazo para a xustificación das axudas para prevención de danos da fauna salvaxe que permita aos beneficiarios acometer as accións para as que lles foron concedidos estes fondos. Tendo en conta que o prazo de presentación de solicitudes finalizou o 21 de febreiro, a Consellería de Medio Ambiente debería ter publicado a resolución en maio, unha data a partir da cal as persoas beneficiarias contarían con algo máis de catro meses para poder realizar as obras ou actuacións subvencionadas e xustificar o gasto, pero ata o 13 de novembro non fixeron pública a resolución que deixa as explotacións sen marxe de actuación e que por riba reduce a contía solicitada. Ademais a ampliación de prazo que fixa de data límite o 9 de decembro resulta unha burla pois os afectados pasan a contar de case cinco meses a pouco máis de tres semanas, tempo insuficiente para adquirir os materiais, contratar obreiros e acometer actuacións como instalación de valados ou cercas que en moitos casos acadan extensións quilométricas.

A propia Consellería de Medio Ambiente debería ademais de cubrir o 100 % do importe das actuacións solicitadas, unha situación que non fai en todos os casos e que semella que tratan de ocultar obstaculizando o acceso dos beneficiarios ao insuficiente orzamento que deixa sen apoio ás explotacións para facer fronte aos ataques que ano tras ano ocasionan cuantiosas perdas.

Temos que recordar que o sector cárnico de vacún en extensivo é o máis prexudicado por esta situación, un sector estratéxico que xa sufriu a incapacidade da Xunta para poñer a disposición dos gandeiros e gandeiras axudas directas propias do Goberno galego tal e como prometeran en marzo deste ano e que representan o derradeiro soporte económico e social para comarcas nas que o despoboamento e o colapso demográfico son unha realidade. Unhas explotacións



que realizan un labor imprescindible dende o punto de vista da xestión do territorio e a prevención dos lumes.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a establecer un prazo axeitado para que as explotacións gandeiras poidan desenvolver as actuacións para a prevención de ataques da fauna silvestre e implementar o orzamento necesario para cubrir o 100 % do importe das axudas solicitadas polos afectados.

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 23/11/2022 14:14:07

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 23/11/2022 14:14:25

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/11/2022 14:14:42



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Xunta de Galicia debería rectificar o listado de concellos afectados polos ataques de lobo que manexa a Consellería do Medio Rural para asignar as axudas que a nova PAC prevé para zonas con alta incidencia de danos na gandería.

Estas axudas enmárcanse dentro da nova liña “Xestión sostible de pastos en zonas de convivencia con grandes carnívoros”, onde as superficies indemnizables estarán dentro dos municipios da Comunidade Autónoma de Galicia designados como zonas con presenza de grandes carnívoros.

As condicións de elixibilidade para as explotacións son estar localizadas nunha desas áreas, realizar pastoreo, dispor un mínimo de 15 cabezas de gando maior ou equivalente, e dispor de sistemas de vixilancia ou coidado do gando (dispositivos de xeolocalización e/ou cans de garda-mastíns). Nestas condicións as explotacións poderían optar a uns pagos anuais compensatorios de ata 75 euros por hectárea.

A Consellería do Medio Rural estaba a propoñer un listado de concellos de alta incidencia por ataques do lobo que xa está obsoleto, pois databa do ano 2009 cando se redactou o Plan de xestión do lobo e todos somos coñecedores de que se estaban a dar ataques noutras zonas e a relación de concellos foi actualizada pola Consellería de Medio Ambiente no ano 2021 coa incorporación de 22 concellos adicionais.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a incluír varios concellos que teñen rexistradas perdas recorrentes nas súas explotacións gandeiras debido aos ataques do lobo, sen que ata o de agora se teñan incorporado ao listado de alta incidencia, como son Piñor e San Cristovo de Cea en Ourense, Pedrafita, As Nogais, Bóveda, Cervo e Chantada en Lugo.



Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 23/11/2022 16:43:31

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 23/11/2022 16:44:07

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/11/2022 16:44:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a carga burocrática no sistema educativo galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos cursos sucédense as queixas do profesorado para denunciar o incremento da carga burocrática que a administración educativa galega esixe curso tras curso.

Cómpre sinalar que cos recortes de profesorado impostos pola Consellaría de Educación nos últimos anos, así como co incremento do horario lectivo, o maior número de alumnas e alumnos nas clases ou a perda de horario dos e das docentes para facer fronte ás necesidades educativas complementarias; o día a día do profesorado galego fica cada curso máis condicionado por unha carga burocrática que resulta, en boa parte dos casos, innecesaria e noutros casos, simplemente absurda.

No presente curso 2022/2023 esta carga burocrática que xa viña sendo denunciada polo profesorado nos cursos anteriores, lonxe de se reducir, incrementouse.

O emprego das aplicacións informáticas PROENS para a elaboración das programacións, así como a necesidade de adaptar a documentación dos centros de ensino á nova normativa académica supuxo un novo incremento do labor burocrático do profesorado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG temos claro que a elaboración de documentos docentes debe ser unha ferramenta ao servizo do profesorado e do alumnado que contribúa á mellorar o labor docente e o proceso de aprendizaxe. Mais, pola contra, a realidade a día de hoxe é que en moitas ocasións estes documentos supoñen unha carga burocrática que debe ser revisada xa que, en boa parte dos casos, non teñen razón de ser e que en pouco en nada contribúen a acadar estes obxectivos

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Consellaría de Educación a elaborar un plan para mellorar a eficiencia na xestión académica que sexa consensuado cos axentes da comunidade educativa e que contribúa a reducir a carga burocrática nos centros de ensino.”

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 23/11/2022 17:46:06

Daniel Castro García na data 23/11/2022 17:46:18

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/11/2022 17:46:27



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No DOG do 24 de xaneiro de 2022 publicábase a Orde de 28 de decembro de 2021 polo que se establecen as bases e se regulan os procedementos para a concesión en réxime de concorrência competitiva de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros cofinanciadas polo FEMP e se convocan para o 2022 os devanditos procedementos.

Liña de axudas de flota que se dan cada ano aos pescadores para investimentos que fomenten a pesca sostible, e a convocatoria das axudas deste ano, de novo, realízase sobre un baremo que se calcula sobre a media salarial de cada pescador de cada porto, que fai que as pequenas embarcacións ano tras ano non poidan optar a estas axudas.

Entre os requisitos que se establecen nestas bases, aprobadas polo Goberno galego, a Xunta de Galicia aplica unha media para cualificar se unha axuda se da ou non, e que provoca que moitos pescadores nunca reciben estas axudas porque non están feitas por tramo de barco. A Xunta de Galicia, ao facer unha media sobre as vendas de cada porto e marcar unha media, a partir de cal toca ou non a axuda, discrimina as pequenas embarcacións.

O que acontece, que o haber un único segmento para toda a frota, ao non ter en conta nestas axudas nin a actividade do barco, nin o caladoiro onde traballa, nin o número de traballadores da embarcación, ao non facer a media entre Permax similares, o que fai a Xunta de Galicia é negarlle a posibilidade ás pequenas embarcacións de acceder a estas axudas. É inxusto que o Goberno galego faga unha media, por exemplo, entre un palangreiro do Índico e dun pescador dunha embarcación de menos de 5 metros, ao final as axudas sempre veñen denegadas para as embarcacións pequenas, porque non se separa por artes nin por tramos de embarcación.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:



O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que de cara ás vindeiras convocatorias de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para os propietarios de buques pesqueiros que lance o Goberno galego reformule os criterios de acceso a estas axudas, de xeito que as pequenas embarcacións poidan optar a elas.

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 23/11/2022 14:02:38

Julio Torrado Quintela na data 23/11/2022 14:02:56

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/11/2022 14:03:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e das deputadas **Carmen Aira Díaz**, **Mercedes Queixas Zas** e **Maria González Albert**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Certamente que si, temos un problema coas emisións de nitróxeno, tamén de fosfatos, tanto á atmosfera en forma de amoníaco coma a solos e augas. E temos ese problema hai xa tempo.

E certamente pode achacarse unha parte á actividade agrogandeira a orixe desas emisións aínda que non é o emisor máis importante.

Pero non é menos certo que os gases de efecto invernadoiro non proceden todos da gandaría e da agricultura, o confinamento por mor da Covid 19 fala alto e claro...e a actividade agrogandeira non se viu interrompida nese período.

Xusto é tamén que analicemos polo miúdo algúns aspectos do “problema”:

-Cando se fala de gandaría... de cal falamos? da gandaría con terra ou da intensiva sen terra?

-De porcino, aves, coellos, vacún?

-Os abonos de síntese non emiten?

-Quen é responsable da concentración de UGMs en certas comarcas deste País?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cales son as solucións que o uso da razón e da lóxica aconsellan?

-Os automóviles e o transporte de todo tipo, non emiten gases efecto invernadoiro?

-Que intereses económicos e políticos hai detrás de todo isto?

Porque cando se fala de emisións de amoníaco as fotos que aparecen nos xornais son de gando vacún, e o sector demonizado socialmente é o vacún. Cuestión de fotografías e o seu impacto na opinión pública. E resulta que as emisións de nitróxeno á atmosfera, solos e augas responsabilidade desta gandaría non o son tal, pois esta, en Galiza, dispón de terra para a súa absorción.

Emisións amoníaco Estado español (2020)

-Porcino.....	28%
-Abonos de síntese.....	22%
-Aves, carne e ovos.....	9%
-Vacún de leite.....	8%
-Vacún carne.....	7%
-Ovino.....	8%

O sector leiteiro de vacún en Galiza é responsable de máis do 40% da produción láctea, e xunto coa carne desta especie asenta as súas gandarías sobre explotacións con base territorial que absorben os puríns e demais subprodutos nun claro exemplo de economía circular.

Non acontece así coas explotacións de porcino e aves que carentes de base territorial teñen ceder a terceiros a responsabilidade da xestión dos subprodutos (estercos e xurros).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A mala planificación territorial, o ollar para outro lado e os clientelismos políticos propiciaron que o sector porcino e avícola se desenvolvese anormalmente en certas comarcas de Galiza xerando problemas de eutrofización e ameazas de vulnerabilidade. A carga gandeira que soportan esas comarcas é excesiva xerando problemas de saúde pública tanto humana coma medioambiental.

A solución razoable para esta situación pasa por unha boa planificación territorial e polo recoñecemento destes subprodutos coma recursos necesarios para un país con vocación agrícola pero cunha SAU do 21% froito do abandono e desleixo da administración política.

As boas prácticas aconsellan a utilización destes fertilizantes preferentemente en certas épocas do ano. As dimensións das foxas de xurro de moitas explotacións non son as adecuadas estando ademais as máis delas sen cuberta. Claro que o PP que sustenta ó goberno non quere saber nada de axudas para o redimensionamento destas instalacións como xa fixo votando en contra de iniciativas do BNG neste sentido.

E así andaban as cousas, negando as evidencias, cando aparece a solución máxica ligada a macroproxectos da chamada economía circular. E todos queren participar. E Reganosa, Naturgy e Repsol fanse presentes neste panorama con forza inusitada asociados a un novo chiringuito chamado Impulsa que se define coma un Consorcio público-privado para o impulso de proxectos transformadores en Galiza, que promovan a dixitalización, descarbonización, circularidade y xeración de emprego sostible.

E estas empresas, que non se distinguiron polo seu amor ó medio ambiente nin sustentaron economías circulares nas súas actividades, agora coma por arte de maxia aparecen coma solución incuestionable do problema da contaminación agrogandeira deste común País galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E deste xeito e maneira, co apoio expreso da Xunta de Galiza, van procesa-los supostos excedentes gandeiros de fertilizantes orgánicos para fabricar gas. E vano facer en Cerceda, a carón de Sogama que seica ten uns excedentes de xurros e estercos, de moito ver. E vai custar arredor de 600 millóns de euros.

Todo isto debidamente acompañado dunha profusa propaganda cara á opinión pública, sen consulta ós técnicos e cunha ocultación dos proxectos que raia nas prácticas antidemocráticas.

E as granxas con base territorial (en vacún a case totalidade) van abona-las súas terras con?

Eis a pregunta do millón. Un gasto multimillonario nunha actividade sen rendibilidade e a casa sen varrer.

Porque o problema de contaminación por nitratos vai permanecer.

Porque o dixestato resultante do proceso anaerobio ten máis contido en nitróxeno cós puríns utilizados.

Porque o transporte e os procesos de secado consomen tanta enerxía coma a que van producir.

Porque o problema está en que a carga gandeira non se corresponde coa SAU.

Porque hai máis de 600.000 has de terra agraria abandonada que están pedindo fertilizantes e cultivo.

Porque o diñeiro utilizado nestes proxectos van beneficiar a grupos económicos que non xeran riqueza aquí.

Porque o mellor xeito de xerar dinamismo económico no rural é mobilizar terras, activar cultivos e propiciar pequenas industrias transformadoras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porque se trata de usar eses Next Generation coma chuvia fina que regue un amplo territorio e fixe poboación. O outro é chuvia de tronada que por onde pasa arrastra e destrúe.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

-Facer público o proxecto de planta de Biogás que se pretende instalar en Cerceda e que subscriben os grupos Naturgy, Repsol, Reganosa e Impulsa para que os sectores afectados e a sociedade galega en xeral poidan posicionarse sobre a mesma.

En concreto:

- Facer público o estudo de onde xorde a “hipótese” de que existen “excedentes” de xurros e esterco en Galiza.
- En que tipo de explotacións gandeiras, vacún de leite, vacún de carne, porcino, aves... existen eses supostos “excedentes”.
- En cantas das explotacións estudadas e por tipo de ganderías existen excedentes.
- Se están ben dimensionadas e cubertas as fosas de xurro nas explotacións estudadas, ou son insuficientes para facer as boas prácticas agrarias que obriga a nova PAC na condicionalidade reforzada.
- En que concellos se ubican os excedentes por tipo de explotación gandeira.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- No caso das explotacións supostamente excedentarias de vacún de leite, carne etc, canto abono químico teñen que mercar ó ano (kg por ha, kg por explotación) de nitróxeno, fósforo, potasio... e cal é o seu custo anual en euros ó prezo actual dos fertilizantes e no conxunto das explotacións estudiadas.
- Que tipo de actuación e cantas se están a levar en relación coa Lei de Recuperación da Terra Agraria nas zonas “supostamente excedentarias”.
- Cantas has. de superficie agraria, nos concellos supostamente excedentarios, poderían ser recuperables segundo o mapa de usos e o catálogo de solos agropecuarios previstos na propia Lei de Recuperación da Terra Agraria, para paliar ou evitar ditos excedentes e así producir alimentos para as persoas (cereais, etc) ou para o gando e paliar a vulnerabilidade de Galiza derivada da dependencia exterior de alimentos.

-Promover un estudo ponderado naquelas zonas con exceso de carga gandeira que non dispoña de terra agraria abondo para un uso racional dos xurros e esterco, e que contemple solucións viables que se correspondan coas necesidades desas zonas.

-Reconverter este proxecto de plantas de biogás en proxectos de aumento de base territorial para as explotacións gandeiras e axudas para redimensionamento e cubrición de foxas de xurros e esterco.

-Impulsar proxectos de desconcentración gandeira nas zonas onde a carga provoque problemas de emisións e contaminación difusa.

-Recuperar de inmediato para uso agrogandeiro as terras forestadas ilegalmente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Promocionar novas incorporacións en zonas de abandono agropecuario facilitando a recuperación da terra con proxectos de novas explotacións tanto agrícolas coma gandeiras.

-Activar con urxencia a ordenación dos usos do solo.”

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2022

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Mercedes Queixas Zas

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 23/11/2022 18:19:49

María del Carmen Aira Díaz na data 23/11/2022 18:20:01

María González Albert na data 23/11/2022 18:20:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 23/11/2022 18:20:24

Ana Pontón Mondelo na data 23/11/2022 18:20:38



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A ONU declarou o 25 de novembro Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres, en lembranza do brutal asasinato das irmás Mirabal na República Dominicana. En torno a esa data gobernos, organizacións e o tecido asociativo de todo o mundo desenvolven diversas accións reivindicativas e campañas con mensaxes de rexeitamento da violencia machista.

Este ano 2022 a Xunta de Galicia sorprendía coa súa propia campaña institucional en medios de comunicación e redes sociais coa mensaxe xeral ‘Non debería pasar, pero pasa’. A campaña gráfica consiste en imaxes nas que as protagonistas son mulleres soas en diversas situacións: practicando deporte acompañada do texto ‘Vístese coas mallas de deporte. Vai correr pola noite. Que sucede agora?; nunha discoteca coa mensaxe ‘Unha discoteca. Unha copa desatendida. Que sucede agora?; na rúa co lema ‘Unha moza camiña soa de noite. Leva as chaves na man. Que sucede agora?; ou na casa con ‘Envíanlle unha foto íntima. El está cos seus amigos. Que sucede agora?’.

Ao Grupo Socialista parécenos vergoñenta e inaceptable esta campaña, que o que fai é poñer novamente o foco nas mulleres culpabilizándonos a nós de sermos potenciais vítimas de violencia machista. Os agresores son os homes, e non as mulleres, e deberían ser eles os destinatarios destas mensaxes institucionais, algo que no Grupo Socialista levamos moito tempo demandando.

Absolutamente irresponsable que dende o Goberno galego se realice unha campaña destas características, que é en si mesma violencia machista, e máis que sexa sufragada cos fondos públicos.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

1. Retirar de maneira inmediata a campaña institucional do 25N que leva por lema ‘Non debería pasar, pero pasa’.



2. Desenvolver antes de que remate este período de sesións unha campaña institucional contra a violencia de xénero cuxa mensaxe poña o foco exclusivamente nos homes e se dirixa a eles.

Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 24/11/2022 12:29:22

Julio Torrado Quintela na data 24/11/2022 12:29:43

Marina Ortega Otero na data 24/11/2022 12:29:54

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/11/2022 12:30:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos** e deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as deficiencias existentes no servizo de ambulancias na Área Sanitaria Pontevedra o Salnés.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

@s traballador@s da empresa concesionaria do servizo de ambulancias da Área Sanitaria Pontevedra o Salnés, levan meses denunciando as deficientes condicións nas que se está a prestar o servizo, denuncia que acaban de reiterar publicamente.

Volven a denunciar que a pesares da gravidade dos incumprimentos da empresa que afecta tanto as condicións laborais como a calidade asistencial que prestan, non se teñen solucionado.

Denuncian os graves e constantes incumprimentos por parte da empresa. En concreto, a falta de material básico ou o deterioro do existente e o uso de vehículos que non pasaron a inspección sanitaria ou a ITV. O deterioro das condicións laborais que sofren desde que hai ano e medio a Xerencia da Área Sanitaria sacou un concurso público deficitario.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ás denuncias xa realizadas con anterioridade hai que sumar o non cumprimento do requirimento contido nunha circular enviada pola Xerencia solicitándolle que puxese unha ambulancia A1 (para traslados) porque se ía cambiar o TAC do hospital do Salnés, e un vehículo C (UVI móbil) para os casos urxentes; as dúas en horario de 8:00 a 22:00 de luns a domingo. A día de hoxe só puxeron unha A2, que é para traslados de pacientes e de consultas, e a C que habilitaron non pasou sequera a inspección sanitaria dende abril, tendo a Policía Local de Vilagarcía inspeccionado este vehículo e levantou acta por infracción moi grave. A todo o anterior súmase q denuncia de que normalmente teñen operativas menos ambulancias das que marca o concurso.

Estes incumprimentos son de sobra coñecidos pola Xerencia da Área Sanitaria, sen que teña actuado para esixir a súa solución

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1.- Presentar no prazo dun mes un informe no Parlamento Galego sobre a prestación do servizo de ambulancias na Área Sanitaria Pontevedra o Salnés desde o último concurso: número de vehículos e profesionais en activo como mínimo cada mes, servizos prestados, isocronas, inspeccións realizadas, condicións laborais, desinfección de vehículos, material, controis de calidade realizados sobre a empresa concesionaria...

2.- Esixirlle á empresa o cumprimento de todas as condicións establecidas na adxudicación do contrato





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Reforzar o servizo de ambulancias na Área Sanitaria Pontevedra o Salnés, dimensionando os recursos, tanto materiais, de vehículos e persoal, para evitar a situación presente de insuficiencia manifesta de ambos, para poder atender as necesidades da poboación.

4.- Proceda a realizar con regularidade inspeccións na empresa concesionaria para facer unha labor de comprobación das denunciadas efectuadas e de garantía da calidade na prestación do servizo.”

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/11/2022 18:19:37

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/11/2022 18:19:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 24/11/2022 18:19:48

María Montserrat Prado Cores na data 24/11/2022 18:19:57



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa súa deputada e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O impacto rexistrado en Europa a causa da guerra de Ucraína notouse con forza no comercio, ó igual que aconteceu co impacto da crise da COVID-19 neste sector do comercio.

O encarecemento dos produtos está desembocando en menores marxes de beneficio para os pequenos e medianos comercios, que ademais están perdendo competitividade.

Os comercios están destinando o 30 % do seus recursos económicos para facer fronte ó sobrecoste da luz e do gas.

Segundo a *Unión de Profesionales y Trabajadores Autónomos* en Galicia pecharán durante novembro e decembro deste ano 300 comercios. As perspectivas empeoran coa costa de xaneiro, para o primeiro trimestre do 2023 a previsión é que na nosa comunidade autónoma baixarán a reixa 400 comercios, xa que un terzo dos autónomos galegos dedícanse o comercio polo miúdo.

O obxectivo da Xunta de Galicia tería que ser que o comercio sexa un sector resiliente, competitivo e adaptado aos novos hábitos de consumo, e para iso debe apostar pola dixitalización e a sustentabilidade. O Goberno galego ten que axudar ó sector do comercio a mellorar a estratexia comercial en liña, o modelo de negocio, a experiencia de compra e a economía circular.

O certo é que o complexo escenario da alza dos prezos leva sendo desfavorable case todo o ano e proba dilo e a caída de autónomos rexistrada na comunidade galega. No que vai de ano, ata o 1 de outubro, Galicia perdeu cerca de 2.600 persoas autónomas. Por provincias, Coruña perdeu 1.012 autónomos/as, Pontevedra 698, Lugo 513 e Ourense 373 autónomos/as.

Con estas cifras é preciso que a Xunta de Galicia poña en marcha axudas directas para este sector para frear o sobre custo que xerou a electricidade para centos de



negocios galegos. Tamén é importante cambiar o modelo de produción, mellorando, entre outros aspectos, a dixitalización dos locais e a formación das súas persoas propietarias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha de forma urxente axudas directas para o sector do comercio para frear o sobre custo que xerou a electricidade causado pola guerra de Ucraína.

Pazo do Parlamento, 24 de novembro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 25/11/2022 07:55:11

Martín Seco García na data 25/11/2022 07:55:18

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/11/2022 07:55:31





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

En Galicia, a produción hortícola distínguese, especialmente, pola capacidade de potenciar cultivos tanto en viveiro como ao aire libre, coa existencia dun produto potencialmente diferenciado que, ademais, lle achega un valor engadido ao consumidor para contribuír a manter o sabor orixinal vencellado ao noso territorio, como forma de preservar a nosa identidade agraria.

Neste sentido, os últimos datos relativos á nosa comunidade no tocante a este sector – publicados polo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (MAPA) en relación co conxunto de cultivos hortícolas en base ás hortalizas e patacas– corroboran que a hortícola é a terceira produción máis importante en Galicia tras as producións da Rama de Actividade Agraria.

A estes efectos, a importancia económica da horta supón un valor económico a prezos de produtor de máis de 666 millóns de euros, que se traduce nun 17,5% do total xerado polo subsector agrícola galego. Estes datos sitúan á nosa comunidade como cuarta autonomía española –despois de Andalucía, Murcia e Castela– por valoración económica da súa produción, cun peso do 8,53% sobre o total do valor da horta no conxunto nacional.

Así mesmo, a horta mantén cultivada, segundo os datos do Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga), preto de 9.460 hectáreas de superficie, ademais de ser unha actividade económica estreitamente vinculada ao noso rural. Adicionalmente, cómpre destacar que a tendencia xeral é á alza, posto que a superficie cultivada rexistrou un incremento tanto no ano 2019 como no 2021 –cunha baixada en 2020 que se explica por mor da crise derivada da covid-19–. Aínda así, en 2021 houbo un aumento de máis dun 15% sobre 2019, o que demostra a tendencia positiva do sector. Neste marco, a importancia e potencialidade asociadas a este eido produtivo evidencian a necesidade de contar cunha estratexia que permita coñecer o contexto real do mesmo tanto na nosa comunidade como respecto do resto de España, co fin último de tomar as mellores decisións destinadas a potenciar o seu crecemento en





termos de superficie e valor económico, e que isto reverta, directamente, nos agricultores e as agricultoras de Galicia.

Ao respecto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia pon de manifesto a oportunidade que se nos presenta ao abeiro do sector hortícola da nosa comunidade, así como o respectivo requirimento da posta en marcha dun plan estratéxico, similar aos xa configurados para o sector lácteo ou o sector vitivinícola –tamén para o sector da carne, actualmente en proceso de tramitación–, específico do sector hortícola de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a levar a cabo un plan estratéxico do sector hortícola de Galicia que impulse os cultivos e chegue un valor engadido ao consumidor final coa finalidade de ligar estas producións ao territorio e preservar a nosa identidade agraria”.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/11/2022 12:33:33

María Elena Candia López na data 25/11/2022 12:33:53

Daniel Vega Pérez na data 25/11/2022 12:34:09

Rubén Lorenzo Gómez na data 25/11/2022 12:34:22

Raquel Arias Rodríguez na data 25/11/2022 12:34:36

José Antonio Armada Pérez na data 25/11/2022 12:34:54

Cachafeiro Anta, Belén na data 25/11/2022 12:35:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2022 12:36:38
Nº Rexistro: 44356
Data envío: 25/11/2022 12:36:38.369

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 25/11/2022 12:35:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-UZyoCnBfZ-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Nos últimos tempos estamos asistindo a un cada vez maior abandono da atención primaria, nomeadamente nos pequenos núcleos de poboación, poñendo en serio risco a atención sanitaria da veciñanza. A comarca do Barbanza non é allea a esta desatención e precarización do servizo de saúde, sendo xa moitas as advertencias que a este respecto ten realizado o Grupo Socialista no Parlamento galego sen apenas éxito.

A máis recente, a non cobertura da baixa do único médico que prestaba servizo no centro de saúde de Palmeira (Ribeira), que a Xunta amañou nun primeiro momento cun facultativo do centro de saúde de Ribeira de maneira intermitente: algunhas horas ao día certos días á semana.

Finalmente, o Sergas resolveu ese conflito destinando unha médica a Palmeira que agora, ante a suposta falla de persoal facultativo, é compartida con Corrubedo. Mais a situación é que a dispensa desa profesional en Corrubedo é só dúas horas ao día en dous días da semana, de xeito que é clara a desatención e abandono das persoas usuarias dese centro de saúde.

Fronte a esta situación de desprotección, a veciñanza de Corrubedo está a mobilizarse para que se cubra a praza do facultativo dese centro de saúde a tempo completo. Non podemos obviar que falamos dunha poboación envellecida, distante do centro de saúde de Ribeira, cun sistema público de transporte cada vez máis deficitario que obriga a facer uso do taxi, algo que non está ao alcance dunha veciñanza que, procedente do sector do mar, ten unhas pensións moi limitadas.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a cubrir de inmediato, a tempo completo e de maneira continuada a praza de médico do centro de saúde de Corrubedo.

Pazo do Parlamento, 25 de novembro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 25/11/2022 12:56:08

Julio Torrado Quintela na data 25/11/2022 12:56:22

Marina Ortega Otero na data 25/11/2022 12:56:33

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/11/2022 12:56:47



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A asistencia en termos de avaliación visual e posible detección de patoloxías é unha labor que en Galicia realizan, en termos maioritarios, os profesionais de óptica e optometría da rede de establecementos privados. Existen algúns establecementos que realizan esta labor de maneira gratuíta para o cidadán, cargando o custe desta avaliación sobre as súas propias contas e entregando o seu traballo a fondo perdido.

No ano 2007 a Consellería de Sanidade e o Colexio Oficial de Ópticos e Optometristas asinaron un convenio de colaboración que permitía un avance para as dúas entidades e, en definitiva, para os usuarios/as do servizo galego de saúde. A partir de entón, os establecementos de óptica comezaron a realizar unha avaliación das persoas que, remitidas polos facultativos especialistas en medicina familiar e comunitaria, precisaban dunha análise por parte de ópticos e optometristas, para logo recibir no Sergas esta avaliación e poder traballar en base a ela. Esta avaliación non tiña custe para os usuarios xa que era feita de maneira gratuíta polos ópticos. Esta situación foi aceptada polo Colexio e os seus asociados por comprender que, de inicio, favorecía a difusión da necesaria introdución da súa labor no contexto do sistema sanitario, así como establecía unha canle de vinculación do usuario co establecemento, pois é constatado que a maioría dos que precisan dos servizos dunha óptica acoden a aquela na que previamente fixeron a avaliación. O volume de avaliacións realizado, calculado en torno a 60.000 ao ano nos últimos de execución do convenio.

Non en tanto, esta situación sempre foi comprendida como circunstancial e de transición, e así foi acordado pola Consellería do momento e o propio Colexio Oficial. O cambio de goberno en 2009 mudou a concepción do convenio, pasando a entender que era unha situación estabilizada e sen propor en ningún momento ningunha mellora, facilitación de progresos ou introducir variables de compensación económica co paso do tema. Tampouco contribuíu a que dende o Sergas se valorizase a figura dos ópticos e optometristas, pois foron habitualmente subordinados a profesionais do propio Sergas, cando a realidade é



que o seu traballo é complementario a outros especialistas que si están dentro da plantilla do servizo. O horizonte desta situación, que é a inclusión progresiva e sistemática da figura do óptico e optometrista no servizo galego de saúde tampouco foi tida en conta, e dende a propia Consellería rexeitouse de plano calquera vía proposta para comezar a estudar esta solución, ao contrario que outras comunidades autónomas de España están facendo coa incorporación desta categoría laboral nos seus servizos autonómicos de saúde.

No ano 2020 o Colexio de Ópticos e Optometristas decidiu renunciar ao convenio, por decisión da súa asemblea, o que puxo no aire a capacidade e calidade asistencial neste área dos usuarios do Sergas. Aínda que a pandemia freou o impacto desta decisión, a realidade é que esta situación vese agora plasmada. O Sergas formulou individualmente a cada establecemento a posibilidade de sumarse ao convenio, sen alterar ningunha condición nin considerar algunha mellora para tratar de atender as demandas do colectivo, de maior consideración pola súa profesión e de comprometer algúns avances para poder manter o servizo. Lonxe diso, a negativa do Sergas provocou que onde antes existían máis de 600 establecementos adheridos, agora non chegan a dous centenares. Isto provoca que se rompa a equidade asistencial, xa que existen poboacións que non dispoñen desta posibilidade, e tamén provoca que o propio sistema público estea provocando desequilibrio competitivo entre empresas, ao recomendar aos seus pacientes unhas e non outras.

Fronte a esta situación, o Goberno de Galicia afrontou a situación negando a posibilidade de ampliar o convenio en condicións para os establecementos (o que facilitaría que moitos deles puidesen volver a reintegrarse dentro del) e negándose, tamén, á estudar outras modificacións ou alternativas. O tempo vai dando a razón á necesidade de afrontar unha volta a un modelo máis amplo, e non é posible pretender facer recaer a responsabilidade sobre a labor dos propios profesionais e establecementos, esixindo deles que entreguen traballo, tempo e materiais para realizar unha labor da que se beneficia o Sergas.

Ante esta situación hai iniciativas noutras comunidades autónomas que avalían un paso máis que é integrar a ópticos e optometristas ao sistema público de saúde. Así o está facendo Murcia, co anuncio da convocatoria de prazas para o Sistema Murciano de Saúde, integrando a labor destes profesionais dentro do sistema público de saúde como profesionais sanitarios que son.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar un estudo sobre a posible medida de incorporar progresivamente e sistematicamente a figura de óptico e optometrista no Servizo Galego de Saúde, así como ter en conta avaliacións sobre o tema realizadas polos colectivos implicados, que permitan planificar un calendario temporal desta estratexia.
2. Abrir unha mesa de diálogo co Colexio Oficial de Ópticos e Optometristas para avaliar posibles modificacións na proposta de convenio para volver a integrar a unha maioría dos establecementos.

Pazo do Parlamento, 25 de novembro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 25/11/2022 11:42:30

Marina Ortega Otero na data 25/11/2022 11:42:39

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/11/2022 11:42:49





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Paula Prado del Río, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Elena Suárez Sarmiento**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos

O pasado 7 de outubro entrou en vigor a modificación dos delitos contra a liberdade sexual do Código Penal introducida pola Lei Orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual. A Lei introduciu unha substancial modificación na calificación dos delitos contra a liberdade sexual, pasando todos a considerarse agresión sexual, e desaparecendo do Código Penal, a anterior división en función da súa gravidade que distinguía en abusos sexuais ou agresións sexuais.

Esa homoxeneización dos delitos, conlevou a que o texto da lei aglutinase todas as condutas delituosas nun treito de penas demasiado amplo para sancionar condutas de diferente gravidade. A falta de regulación dun adecuado réxime transitorio que garanta unha interpretación clara e non retroactiva da norma está a provocar resolucións xudiciais de reducións das penas de moitos dos condenados por este tipo de delitos, ao poder acollerse a unha redución das súas penas ao amparo do artigo 2.2 do Código Penal, que establece a prevalencia da norma máis favorable.

As lagoas da nova lexislación están a permitir revisións de condenas á baixa para delinquentes sexuais e tamén excarceracións por resolucións xudiciais non desexadas por ninguén. Lagoas, erros e déficits técnicos dos que o Consello Xeral do Poder Xudicial xa advertira ao Goberno do Estado a través dun informe non vinculante.

Un aviso ignorado polo Consello de Ministros, e un Presidente do Goberno que lonxe de recoñecer a necesidade de adoptar medidas, para dotar de coherencia á estrutura da lei e evitar así os efectos lesivos para mulleres e menores na súa aplicación, encomiou a lei durante a súa tramitación e aprobación, e continúa de perfil na actualidade permitindo, que Ministros do seu goberno cuestionen a actuación dos





tribunais de xustiza na aplicación da norma e fagan desafortunadas e inxustas manifestacións sobre os xuíces e as xuízas que integran a Carreira Xudicial.

Manifestacións que desaprobamos desde o Grupo Popular, ao mesmo tempo que recoñecemos o esforzo e o compromiso do Poder Xudicial coa protección ás vítimas dos delitos de liberdade sexual.

Pero as reducións de condenas coa entrada en vigor da lei chegaron. Máis dunha ducia que coñecemos ata este momento e cinco persoas xa fóra do cárcere, unha delas en Galicia.

Pero é que ademais moitos maxistrados xa anunciaron que actuarán de oficio, sen que o haxa pedido o condenado, ante a evidente e clara redución das penas.

Dous casos xa na nosa comunidade exemplifican claramente o que está a acontecer en todo o país.

"Violar sale gratis". Así amosou a súa indignación a avogada dunha vítima de Cambre que coa entrada en vigor da lei viu como ao seu agresor rebaixábanlle dous anos a súa condena.

Ou o beneficio que obtivo o agresor de Xinzo, que foi excarcelado antes de cumprir coa pena de cárcere imposta.

"Mosqueadas" "asqueadas" "desamparadas" e "atemorizadas" son palabras coas que as vítimas desaproban e cuestionan o acerto e a estrutura dunha norma especialmente lesiva para mulleres e menores.

Vítimas de delitos sexuais que están vivindo con tremenda inquietude e ata temor esta situación, na que están a ver como os seus agresores conseguen reducir penas e mesmo quedar en liberdade.

Ante esta situación, o Partido Popular de Galicia que defende o feminismo non só o 8 de marzo nin o 25 de novembro, senón os 365 días do ano, non pode ficar calado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a adopción das medidas necesarias, incluída a modificación lexislativa se fose o caso, có fin de minimizar os efectos lesivos e negativos da Lei Orgánica 10/2022, de 6 de setembro de garantía integral da liberdade sexual".





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2022 10:14:41
Nº Rexistro: 44344
Data envío: 25/11/2022 10:14:41.181

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/11/2022 10:06:42

Noelia Pérez López na data 25/11/2022 10:07:04

Paula Prado del Río na data 25/11/2022 10:07:17

María Corina Porro Martínez na data 25/11/2022 10:07:58

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/11/2022 10:08:21

José Alberto Pazos Couñago na data 25/11/2022 10:08:43

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 25/11/2022 10:08:55

López Sánchez, Rosalía na data 25/11/2022 10:09:06

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/11/2022 10:09:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-UZyoCnBIZ-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputadas **Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé, Daniel Pérez López, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no artigo 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social creada e a necesidade dun pronunciamento ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Kaekias Eólica SA resultou adxudicataria de 75 MW no concurso eólico de 2010, para desenvolver os parques Campelo e Lamas de Feás. Dado que non se lle concederon os 108 MW solicitados, a empresa renunciou a executar o Plan Industrial, consistente en actuacións de secado térmico de lamas e fabricación de pellets, e optou por monetarizalo, resultando unha cantidade de 11.721.971 euros, que a empresa debería ingresar no fondo de capital risco SOGIGA do IGAPE no prazo dun mes desde a posta en funcionamento dos parques.

Debe terse en conta que a normativa reguladora do concurso de 2010 (Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos) e a regulamentación contida no artigo 7º (Características dos plans industriais presentados) prevía a opción da monetarización do plan industrial no caso de que a potencia concedida fose menor da solicitada. Nin nesta norma nin en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ningunha outra posterior se preveu a opción de volver substituír a monetarización por un novo plan industrial.

Malia esta claridade da normativa, con data 13 de xuño de 2019 GREENALIA WIND POWER SLU presentou a documentación dun suposto plan industrial que segundo a empresa supoñía a subrogación do plan industrial de Kaekias Eólica que xa deixara de ter vixencia e validez. Nunha clara vulneración da lexislación, a empresa solicitaba cambiar a monetarización pola execución dun “novo” plan industrial, con novas actuacións non incluídas na proposta do concurso de 2010.

Neste “novo” plan industrial, GREENALIA WIND POWER SLU xustificou a realización de investimentos por valor de 12.601.749.50 euros e 33 empregos. Os proxectos desenvolvéronse a través das sociedades GREENALIA LOGISTICS e SMARTTIA RE Hotel San Andrés 56 e segundo a empresa consistiron nas seguintes actuacións:

- Recollida de Biomasa Forestal Residual (Greenalia Logistics)
- Buque para exportación sector forestal (Greenalia Logistics)
- Hotel San Andrés (Smarttia RE Hotel San Andrés 56)

Segundo a empresa, os investimentos deste suposto plan industrial realizáronse entre os anos 2015 e 2019, é dicir, en parte antes mesmo da adquisición da empresa Kaekias e polo tanto dos dereitos sobre os citados parques Campelo e Lamas de Feás. A este respecto cómpre ter en conta que as resolucións da Dirección Xeral de Enerxía e Minas polas que se autoriza a transmisión da titularidade do parque Campelo a favor de Greenalia Wind Power Campelo e Lamas de Feás a Greenalia Wind Power Lamas son do 3 de outubro de 2018.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mediante resolución do 21 de xullo de 2021 a Directora Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais acepta a proposta de modificación do plan industrial presentada en novembro de 2019 por Greenalia. Estamos diante dun feito extraordinariamente grave, porque supón

- a) contravir o previsto na orde reguladora do concurso de 2010;
 - b) aprobar e darlle validez legal a un suposto plan industrial que foi parcialmente executado antes da adquisición de Kaekias Eólica por parte de Greenalia;
 - c) aprobar, con carácter retroactivo, un plan que foi executado entre os anos 2015 e 2019, é dicir, antes da solicitude de modificación do plan industrial (novembro de 2019);
 - d) renunciar ao ingreso de 11.721.771 euros nas arcas públicas, co conseguinte prexuízo para as arcas públicas
5. Cómpre ter en conta, a maior abundamento, que diversas sociedades do grupo Greenalia obtiveron subvencións públicas para financiar proxectos incluídos no suposto plan industrial.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Anular a resolución da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais de 2021 pola que se acepta a proposta de modificación do plan industrial á empresa Kaekias Eólica SA, por considerala manifestamente ilegal e prexudicial para as arcas públicas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Manter a vixencia da proposta presentada inicialmente pola empresa Kaekias Eólica para a monetización do plan industrial na cantidade de 11.721.971 euros, que deberá ingresar no fondo de capital risco do IGAPE no prazo de un mes desde a posta en funcionamento dos parques.

3. Abrir unha investigación interna sobre estes feitos e dirimir as responsabilidades políticas e administrativas que se deriven das graves irregularidades cometidas.”

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Pérez López

Noa Presas Bergantiños

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/11/2022 13:14:24

Daniel Pérez López na data 28/11/2022 13:14:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 28/11/2022 13:14:43

Paulo Ríos Santomé na data 28/11/2022 13:14:52

Alexandra Fernández Gómez na data 28/11/2022 13:14:59

Xosé Luis Bará Torres na data 28/11/2022 13:15:07





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, Raquel Arias Rodríguez, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, José Antonio Armada Pérez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

A planificación estratéxica é a longo prazo é unha liña fundamental respecto dos eidos produtivos ligados á economía primaria, tamén no caso do sector vitivinícola de Galicia, cuxa importancia amósase a través dos viños das cinco Denominacións de Orixe (D.O.P.) galegas –Monterrei, Rías Baixas, O Ribeiro, Ribeira Sacra e Valdeorras– e das catro Indicacións Xeográficas Protexidas (I.X.P.) –Barbanza-Iria, Betanzos, Ribeiras do Morrazo, Val do Miño-Ourense–.

Falamos dun sector que aglutina máis de 10.000 viticultores e case que 500 adegas, que achegan un valor económico estimado de viño cualificado de máis de 230 millóns de euros. En adición, o vitivinícola é un eido produtivo dos máis dinámicos de Galicia, de feito, destacan as chamadas *Rutas do Viño* desde o punto de vista turístico, que inclúen un total de 108 adegas, 64 establecementos de hostalería e numerosas empresas e entidades asociadas, cun interese exponencial polo patrimonio cultural e paisaxístico que as rodea.

Nos últimos anos presenciamos fenómenos meteorolóxicos que provocaron perdas nas colleitas agrarias. Así mesmo, non podemos obviar que estamos asistindo a un cambio climático que afecta ás colleitas tanto a curto como a longo prazo e por iso os produtores necesitan protexer as mesmas.

Os seguros agrarios constitúense como unha eficaz ferramenta de protección dos agricultores e gandeiros contra as adversidades meteorolóxicas e outros fenómenos alleos ao seu control, que poidan causar perdas nas súas explotacións. A meirande parte das explotacións contan con seguros agrarios que os asisten de determinadas incidencias.

Dende o Grupo Parlamentario Popular realizamos unha clara aposta por fomentar os seguros agrarios para evitar calquera tipo de perdas, ben pola seca ou polas choivas como aconteceu no 2021. No 2022, a Xunta de Galicia destinou un total de 7 millóns de





euros, un 17% máis que na convocatoria anterior, para fomentar a contratación deste tipo de pólizas.

Por este motivo, débese incidir no fomento da contratación dos seguros agrarios por parte de agricultores de xeito colectivo e dun xeito concreto pola vía das Denominacións de Orixe e das Indicacións Xeográficas Protexidas coas que contamos na nosa comunidade, co obxecto de establecer redes de seguridade ante a ocorrencia de potenciais catástrofes e fenómenos que impidan a recolección normal da colleita de determinados cultivos, como é o caso da uva de vinificación.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a levar a cabo as seguintes medidas a prol do sector agrario e concretamente do sector vitivinícola:

- 1.- Consolidar e desenvolver todas as medidas de apoio necesarias para incentivar a contratación dos seguros agrarios e impulsar especificamente a contratación das mesmas en todas as explotacións vitivinícolas que estean asociadas ás Denominacións de Orixe coa finalidade de estar cubertos ante calquera eventualidade ou fenómeno meteorolóxico extraordinario.
- 2.- Fomentar a promoción do noso sector vitivinícola e concretamente dos viños galegos con denominación de orixe en países da Unión Europea e fora da mesma”.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/11/2022 10:20:47

María Elena Candia López na data 21/11/2022 10:21:06

Raquel Arias Rodríguez na data 21/11/2022 10:21:20

Daniel Vega Pérez na data 21/11/2022 10:21:32

Rubén Lorenzo Gómez na data 21/11/2022 10:21:47

José Antonio Armada Pérez na data 21/11/2022 10:22:00

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/11/2022 10:30:34
Nº Rexistro: 44046
Data envío: 21/11/2022 10:30:34.632

Cachafeiro Anta, Belén na data 21/11/2022 10:22:17

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 21/11/2022 10:22:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-UZyoCnBfZ-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** advertido un erro na iniciativa có número de rexistro **44046** solicita se corrixa no seguinte senso:

Onde di:Comisión 4ª....

Debe dicir:Comisión 7ª....

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 21/11/2022 10:57:41

María Elena Candia López na data 21/11/2022 10:57:56

Raquel Arias Rodríguez na data 21/11/2022 10:58:20

Daniel Vega Pérez na data 21/11/2022 10:58:37

Rubén Lorenzo Gómez na data 21/11/2022 10:58:51

José Antonio Armada Pérez na data 21/11/2022 10:59:05

Cachafeiro Anta, Belén na data 21/11/2022 10:59:21

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 21/11/2022 10:59:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 10 de febreiro de 2020 facíase pública a fichaxe da ex conselleira Beatriz Mato pola empresa Greenalia, unha das xigantes do lobby enerxético-forestal galego. A operación de porta xiratoria desde o Consello da Xunta -previo paso intermedio pola corporación municipal da Coruña- a unha empresa sobre a que a súa consellaría tomou decisións transcendentais é absolutamente cuestionábel no que ten que ver co cumprimento da normativa sobre incompatibilidades. Mais é sobre todo impresentábel desde o punto de vista da ética e da integridade.

Na fichaxe da exconselleira de Medio Ambiente por Greenalia vulnerouse a Lei de transparencia e bo goberno, tanto no relativo ao prazo de 2 anos posteriores ao cesamento (o seu cesamento como conselleira produciuse en setembro de 2018) como ao preceptivo informe da Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, segundo se deriva do contido do artigo 45 da citada lei:

Artigo 45. Limitacións ao exercicio de actividades posteriores ao cesamento

1. Durante os dous anos seguintes á data do seu cesamento, os altos cargos non poderán realizar actividades nin prestar servizos en entidades privadas relacionadas con expedientes sobre os cales ditasen resolución no exercicio do cargo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

...

4. Durante o mencionado período de dous anos, a que se refire o número 1, estas persoas deberán efectuar, ante a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, declaración sobre as actividades que vaian realizar, con carácter previo ao seu inicio.

5. Nun mes desde a recepción no Rexistro de Actividades da dita comunicación, o centro directivo competente en materia de función pública deberase pronunciar sobre a compatibilidade da actividade privada que se vai realizar e deberállelo comunicar tanto á persoa afectada coma á entidade en que pretenda prestar os seus servizos. As resolucións que recoñezan a compatibilidade con actividade privada serán publicadas no Portal de transparencia e Goberno aberto.

Para a avaliación do cumprimento do establecido no citado artigo 45, hai que ter en conta a participación no ano 2018 de Beatriz Mato, na súa condición de conselleira, no outorgamento polo Consello da Xunta da condición de “especial interese” a proxectos eólicos tramitados pola empresa Greenalia.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a trasladar á Cámara, para o seu coñecemento polos grupos parlamentares, da seguinte documentación:

- Acordos do Consello da Xunta dos anos 2017 e 2018 nos que participou a exconselleira de medio ambiente Beatriz Mato e nos que se autorizou a declaración de parques eólicos como proxectos de especial interese.

- Informe da Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas en relación co cumprimento pola exconselleira Beatriz Mato do previsto no artigo 45 (Limitacións ao





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

exercicio de actividades posteriores ao cesamento) da Lei 1/2016 de transparencia e bo goberno.”

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Alexandra Fernández Gómez
Deputado e deputada do G.P. do BNG
Luis Bará Torres
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 21/11/2022 11:44:24

Alexandra Fernández Gómez na data 21/11/2022 11:44:32

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2022 11:44:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Transportes fixo públicas as conclusións preliminares dos informes encargados en relación co derrubamento do viaduto do Castro na A6. Segundo os citados informes, elaborados polas consultoras MC2 e Ideam, o derrubo da infraestrutura debeuse a tres causas principais:

-a fatiga do formigón debido á baixa calidade;

-a corrosión provocada pola ausencia dun sistema de impermeabilización no taboleiro, un defecto que se puido producir na construción do viaduto ou que puido ser eliminada nos traballos de reasfaltado da plataforma;

-as tarefas de hidrodemolición que se estaban desenvolvendo na calzada.

Consideran os informes que as obras que se estaban realizando agudizaron os problemas que xa viña sufrindo o viaduto pola notoria falta de mantemento ao longo de 21 anos. Un déficit de mantemento que afecta en xeral a toda a rede viaria e especialmente ás autovías A6 e A52.

Chama a atención que non se faga apenas referencia ás circunstancias en que se fixo a contratación polo procedemento de emerxencia das obras de reparación do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

viaduto, mediante un contrato inicial de 11 millóns de euros en xuño de 2021 e outro en maio de 2022 de 14, 82 millóns de euros, nun total de 26, 82 millóns de euros. Tanto o contrato inicial como a ampliación poñen de manifesto que por parte do Ministerio se tivo coñecemento da situación de risco da infraestrutura e non se informou ao respecto. Nin daquela nin agora.

Tamén chama poderosamente a atención que non se estuden posíbeis responsabilidades pola mala calidade da construción e os fallos de mantemento e conservación da infraestrutura. Parece claro que non houbo unha boa praxe tanto por parte das empresas construtoras como por parte da administración e que deberían esixirse responsabilidades ao respecto.

Quedan polo tanto moitas cuestións pendentes de resolver. Cuestións sobre a adxudicación e construción da infraestrutura, sobre a recepción e certificación dunhas obras “defectuosas”, sobre a falta de mantemento e conservación, e sobre os prazos e pasos que se van seguir para a reconstrución do viaduto coas máximas garantías.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a esixir do Goberno central:

1. Proporcionar toda a información en relación co proxecto construtivo, execución das obras, modificados, inspección, certificación e recepción das obras, traballos de mantemento e conservación, e sobre o desenvolvemento das obras de reparación contratadas polo procedemento de emerxencia nos anos 2021 e 2022.

2. Estudar as accións precisas para investigar e reclamar as responsabilidades pertinentes no caso de detectarse algún tipo de negligencia na execución da construción,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no proxecto construtivo, na inspección e certificación das obras, no mantemento da infraestrutura ou nas obras de emerxencia que se estaban executando.

3. Asegurar alternativas viarias axeitadas, en coordinación con todas as administracións implicadas, que garantan unha comunicación áxil e segura mentres a A-6 permaneza pechada ao tráfico.

4. Garantir o investimento necesario, por medio dos orzamentos xerais do Estado, para a reconstrución con todas as garantías e no prazo máis breve de tempo do viaduto do Castro na A6.”

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2022

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 21/11/2022 11:59:44

Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2022 11:59:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2022 12:00:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta publicou a RESOLUCIÓN do 16 de decembro de 2020, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se modifica a declaración de utilidade pública do parque eólico Alto da Croa, sito no concello de Vimianzo (A Coruña) e promovido por Greenalia Wind Power Alto da Croa, S.L.U. (IN661A 2007/06).

O 24.11.2010, o órgano ambiental formulou a declaración de impacto ambiental relativa ao parque eólico Alto da Croa, que se fixo pública por Resolución do 23 de decembro de 2010, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas (DOG núm. 21, do 1 de febreiro de 2011).

Na tramitación do proxecto non consta a vixencia da DIA, que tería validez por un período de 4 anos máis 2 de prórroga, polo que estaríamos diante do comezo das obras coa DIA caducada e sen efectos.

Por outra parte, a Xunta fixo pública a DIA do parque eólico Alto da Croa II e Anuncio do DOG de autorización, así como a DIA do parque eólico Alto Monte Tourado e Anuncio do DOG de autorización.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste caso estamos diante dunha fragmentación artificiosa dun único parque xa que comparten ambientais porque comparten infraestruturas (subestación, liñas de evacuación, gabias de cableado...), ámbito xeográfico e empresa promotora Greenalia.

A DIA do parque eólico Monte Tourado deixa clara esta estreita relación:

En canto á evacuación da enerxía producida no parque, efectuarase a través do centro de seccionamento (CS) do PE Alto da Croa II (en tramitación e pertencente ao mesmo promotor), que tamén será o punto de conexión para a evacuación da enerxía xerada noutro parque eólico do citado promotor (PE Alto da Croa). Desde este CS a enerxía será evacuada de maneira conxunta mediante unha liña en 30 kV soterrada (incluída no proxecto do PE Alto da Croa II) ata a Subestación Colectora Regoelle 20-66/220 kV, ... ”.

Así mesmo, escavaranse uns 7.138 de gabias para soterrar o cableado de media tensión e de comunicacións que conectará os aeroxeradores co centro de seccionamento/edificio de control do PE Alto da Croa II. Deste cómputo exclúense 382 m correspondentes á gabia compartida co PE Alto da Croa II antes da chegada ao seu CS (considerados no proxecto do dito parque).

Como áreas de ocupación temporal durante a execución das obras empregaranse as proxectadas no PE Alto da Croa II, localizadas nas inmediacións do CS do dito parque e....

En canto ás gabias, escavaranse 7.364 m para o cableado de media tensión e de comunicacións que conectará os aeroxeradores co CS do PE Alto da Croa II, dos cales 6.982 m son gabias propias deste parque eólico e 382 m corresponden ao cableado que discorrerá pola gabia compartida co PE Alto da Croa

Posteriormente fíxose público o ACORDO do 27 de maio de 2021 da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) do proxecto do parque eólico Monte da Tella, no concello de Vimianzo (expediente IN408A 2019/59).

A documentación deste proxecto pon de manifesto que estamos diante dunha ampliación encuberta do Alto da Croa II e do monte Tourado, porque comparten de novo todas as infraestruturas citadas.

Tamén se publicou o ACORDO do 21 de xuño de 2021, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade da urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) do proxecto do parque eólico Lagoa II-modificado, nos concellos de Santa Comba e Zas (A Coruña) (expediente IN661A 02/2009).

Este parque comparte subestación e outras infraestruturas co parque eólico Lagoa I. Na súa tramitación non consta a prórroga da DIA

Algúns destes parques foron declarados de “interese especial” polo Consello da Xunta ao longo do ano 2018, polo que estaríamos diante de supostos de nulidade en aplicación do criterio da sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG).

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Cumprir a lei e en consecuencia garantir o cumprimento dos prazos de información pública nos parques declaradas de “interese especial”.
2. Garantir a vixencia da Declaración de Impacto Ambiental nos parques eólicos nas que está poida estar caducada.
A máis recente, a non cobertura da baixa do único médico que prestaba servizo no centro de saúde de Palmeira (Ribeira), que a Xunta amañou nun primeiro momento cun facultativo do centro de saúde de Ribeira de maneira intermitente: algunhas horas ao día certos días á semana.

Finalmente, o Sergas resolveu ese conflito destinando unha médica a Palmeira que agora, ante a suposta falla de persoal facultativo, é compartida con Corrubedo. Mais a situación é que a dispensa desa profesional en Corrubedo é só dúas horas ao día en dous días da semana, de xeito que é clara a desatención e abandono das persoas usuarias dese centro de saúde.

Fronte a esta situación de desprotección, a veciñanza de Corrubedo está a mobilizarse para que se cubra a praza do facultativo dese centro de saúde a tempo completo. Non podemos obviar que falamos dunha poboación envellecida, distante do centro de saúde de Ribeira, cun sistema público de transporte cada vez máis deficitario que obriga a facer uso do taxi, algo que non está ao alcance dunha veciñanza que, procedente do sector do mar, ten unhas pensións moi limitadas.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a cubrir de inmediato, a tempo completo e de maneira continuada a praza de médico do centro de saúde de Corrubedo.

Pazo do Parlamento, 24 de novembro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 25/11/2022 12:54:22

Julio Torrado Quintela na data 25/11/2022 12:54:38

Marina Ortega Otero na data 25/11/2022 12:54:53

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/11/2022 12:55:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 10 de febreiro de 2020 facíase pública a fichaxe da ex conselleira Beatriz Mato pola empresa Greenalia, unha das xigantes do lobby enerxético-forestal galego. A operación de porta xiratoria desde o Consello da Xunta -previo paso intermedio pola corporación municipal da Coruña- a unha empresa sobre a que a súa consellaría tomou decisións transcendentais é absolutamente cuestionábel no que ten que ver co cumprimento da normativa sobre incompatibilidades. Mais é sobre todo impresentábel desde o punto de vista da ética e da integridade.

Na fichaxe da exconselleira de Medio Ambiente por Greenalia vulnerouse a Lei de transparencia e bo goberno, tanto no relativo ao prazo de 2 anos posteriores ao cesamento (o seu cesamento como conselleira produciuse en setembro de 2018) como ao preceptivo informe da Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, segundo se deriva do contido do artigo 45 da citada lei:

Artigo 45. Limitacións ao exercicio de actividades posteriores ao cesamento

1. Durante os dous anos seguintes á data do seu cesamento, os altos cargos non poderán realizar actividades nin prestar servizos en entidades privadas relacionadas con expedientes sobre os cales ditasen resolución no exercicio do cargo.

...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Durante o mencionado período de dous anos, a que se refire o número 1, estas persoas deberán efectuar, ante a Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas, declaración sobre as actividades que vaian realizar, con carácter previo ao seu inicio.

5. Nun mes desde a recepción no Rexistro de Actividades da dita comunicación, o centro directivo competente en materia de función pública deberase pronunciar sobre a compatibilidade da actividade privada que se vai realizar e deberállelo comunicar tanto á persoa afectada coma á entidade en que pretenda prestar os seus servizos. As resolucións que recoñezan a compatibilidade con actividade privada serán publicadas no Portal de transparencia e Goberno aberto.

Para a avaliación do cumprimento do establecido no citado artigo 45, hai que ter en conta a participación no ano 2018 de Beatriz Mato, na súa condición de conselleira, no outorgamento polo Consello da Xunta da condición de “especial interese” a proxectos eólicos tramitados pola empresa Greenalia.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Considera a Xunta que se cumpriu escrupulosamente a lei de transparencia e bo goberno no caso da contratación da exconselleira de medio ambiente Beatriz Mato pola empresa Greenalia?

Como valora o feito de que Beatriz Mato participase ao longo do ano 2018 nos consellos da Xunta nos que se outorgou a condición de “especial interese” a proxectos eólicos da empresa Greenalia?

Cales destes proxectos se derivaban do concurso eólico de 2010 e cal foi a súa tramitación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o goberno galego que a empresa Greenalia tivo un trato favorábel ou preferente na tramitación de proxectos industriais?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 21/11/2022 11:50:39

Paulo Ríos Santomé na data 21/11/2022 11:50:43

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2022 11:50:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Olalla Rodil Fernández, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ministerio de Transportes fixo públicas as conclusións preliminares dos informes encargados en relación co derrubamento do viaduto do Castro na A6. Segundo os citados informes, elaborados polas consultoras MC2 e Ideam, o derrubo da infraestrutura debeuse a tres causas principais:

- a fatiga do formigón debido á baixa calidade;
- a corrosión provocada pola ausencia dun sistema de impermeabilización no taboleiro, un defecto que se puido producir na construción do viaduto ou que puido ser eliminada nos traballos de reasfaltado da plataforma;
- as tarefas de hidrodemolición que se estaban desenvolvendo na calzada.

Consideran os informes que as obras que se estaban realizando agudizaron os problemas que xa viña sufrindo o viaduto pola notoria falta de mantemento ao longo de 21 anos. Un déficit de mantemento que afecta en xeral a toda a rede viaria e especialmente ás autovías A6 e A52.

Chama a atención que non se faga apenas referencia ás circunstancias en que se fixo a contratación polo procedemento de emerxencia das obras de reparación do viaduto, mediante un contrato inicial de 11 millóns de euros en xuño de 2021 e outro en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

maio de 2022 de 14, 82 millóns de euros, nun total de 26, 82 millóns de euros. Tanto o contrato inicial como a ampliación poñen de manifesto que por parte do Ministerio se tivo coñecemento da situación de risco da infraestrutura e non se informou ao respecto. Nin daquela nin agora.

Tamén chama poderosamente a atención que non se estuden posíbeis responsabilidades pola mala calidade da construción e os fallos de mantemento e conservación da infraestrutura. Parece claro que non houbo unha boa praxe tanto por parte das empresas construtoras como por parte da administración e que deberían esixirse responsabilidades ao respecto.

Quedan polo tanto moitas cuestións pendentes de resolver. Cuestións sobre a adxudicación e construción da infraestrutura, sobre a recepción e certificación dunhas obras “defectuosas”, sobre a falta de mantemento e conservación, e sobre os prazos e pasos que se van seguir para a reconstrución do viaduto coas máximas garantías.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Demandou a Xunta toda a información en relación co proxecto construtivo, execución das obras, modificados, inspección, certificación e recepción das obras, traballos de mantemento e conservación, e sobre o desenvolvemento das obras de reparación contratadas polo procedemento de emerxencia nos anos 2021 e 2022?

Considera o goberno galego que se deben estudar as accións precisas para investigar e reclamar as responsabilidades pertinentes no caso de detectarse algún tipo de negligencia na execución da construción, no proxecto construtivo, na inspección e certificación das obras, no mantemento da infraestrutura ou nas obras de emerxencia que se estaban executando?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Olalla Rodil Fernández

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/11/2022 12:07:27

Paulo Ríos Santomé na data 21/11/2022 12:07:32

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2022 12:07:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Daniel Pérez López e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta publicou a RESOLUCIÓN do 16 de decembro de 2020, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se modifica a declaración de utilidade pública do parque eólico Alto da Croa, sito no concello de Vimianzo (A Coruña) e promovido por Greenalia Wind Power Alto da Croa, S.L.U. (IN661A 2007/06).

O 24.11.2010, o órgano ambiental formulou a declaración de impacto ambiental relativa ao parque eólico Alto da Croa, que se fixo pública por Resolución do 23 de decembro de 2010, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas (DOG núm. 21, do 1 de febreiro de 2011).

Na tramitación do proxecto non consta a vixencia da DIA, que tería validez por un período de 4 anos máis 2 de prórroga, polo que estaríamos diante do comezo das obras coa DIA caducada e sen efectos.

Por outra parte, a Xunta fixo pública a DIA do parque eólico Alto da Croa II e Anuncio do DOG de autorización, así como a DIA do parque eólico Alto Monte Tourado e Anuncio do DOG de autorización.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste caso estamos diante dunha fragmentación artificiosa dun único parque xa que comparten ambientais porque comparten infraestruturas (subestación, liñas de evacuación, gabias de cableado...), ámbito xeográfico e empresa promotora Greenalia.

A DIA do parque eólico Monte Tourado deixa clara esta estreita relación:

En canto á evacuación da enerxía producida no parque, efectuarase a través do centro de seccionamento (CS) do PE Alto da Croa II (en tramitación e pertencente ao mesmo promotor), que tamén será o punto de conexión para a evacuación da enerxía xerada noutro parque eólico do citado promotor (PE Alto da Croa). Desde este CS a enerxía será evacuada de maneira conxunta mediante unha liña en 30 kV soterrada (incluída no proxecto do PE Alto da Croa II) ata a Subestación Colectora Regoelle 20-66/220 kV, ... ”.

Así mesmo, escavaranse uns 7.138 de gabias para soterrar o cableado de media tensión e de comunicacións que conectará os aeroxeradores co centro de seccionamento/edificio de control do PE Alto da Croa II. Deste cómputo exclúense 382 m correspondentes á gabia compartida co PE Alto da Croa II antes da chegada ao seu CS (considerados no proxecto do dito parque).

Como áreas de ocupación temporal durante a execución das obras empregaranse as proxectadas no PE Alto da Croa II, localizadas nas inmediacións do CS do dito parque e....

En canto ás gabias, escavaranse 7.364 m para o cableado de media tensión e de comunicacións que conectará os aeroxeradores co CS do PE Alto da Croa II, dos cales 6.982 m son gabias propias deste parque eólico e 382 m corresponden ao cableado que discorrerá pola gabia compartida co PE Alto da Croa

Posteriormente fíxose público o ACORDO do 27 de maio de 2021 da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de



autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) do proxecto do parque eólico Monte da Tella, no concello de Vimianzo (expediente IN408A 2019/59).

A documentación deste proxecto pon de manifesto que estamos diante dunha ampliación encuberta do Alto da Croa II e do monte Tourado, porque comparten de novo todas as infraestruturas citadas.

Tamén se publicou o ACORDO do 21 de xuño de 2021, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade da urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) do proxecto do parque eólico Lagoa II-modificado, nos concellos de Santa Comba e Zas (A Coruña) (expediente IN661A 02/2009).

Este parque comparte subestación e outras infraestruturas co parque eólico Lagoa I. Na súa tramitación non consta a prórroga da DIA

Algúns destes parques foron declarados de “interese especial” polo Consello da Xunta ao longo do ano 2018, polo que estaríamos diante de supostos de nulidade en aplicación do criterio da sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG).

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como vai garantir a Xunta o cumprimento da lexislación ambiental nos parques eólicos declarados de “interese especial”?

Garante a Xunta a validez e vixencia da Declaración de Impacto Ambiental no caso dos parques eólicos Alto da Croa e Lagoa II modificado?

Permitiu a Xunta a fragmentación artificial e fraudulenta dun único parque no caso dos parques eólicos Alto da Croa II, Monte Tourado e Monte da Tella?

Como garantiu ou prevé garantir o goberno galego o cumprimento polas empresas das obrigas e compromisos derivados da adxudicación en concurso público?

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Daniel Pérez López

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 21/11/2022 13:15:27

Daniel Pérez López na data 21/11/2022 13:15:32

Xosé Luis Bará Torres na data 21/11/2022 13:15:45



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez, Martín Seco García e Eduardo Ojea Arias, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

No ano 2007 a Xunta de Galicia encarga o estudo informativo e de impacto ambiental da variante sur de Carballo. Este documento foi sometido a información pública en setembro de 2007 e aprobado por resolución da Dirección Xeral de Obras Públicas o 13 de abril de 2009, DOG de 23 de abril.

Naturalmente, este documento xustifica o interese público do investimento que se propón. Entre outros datos, referidos ao ano 2006, cando se fan os estudos previos:

-Os medidores de aforo de tráfico na AC-552 dan máis de 15.000 coches diarios, dos que máis de 1.000 son pesados. A tendencia vai en aumento.

-As enquisas de tráfico realizadas indican as seguintes captacións de tráfico entre os distintos enlaces da futura variante:

- . Enlace de Bértoa coa AC-552-Enlace Estrada de Ordes: 7.000 veh/día
- . Enlace Estrada de Ordes-Enlace Estrada Santiago: 5.500 veh/día
- . Enlace Estrada Santiago: 5.500 veh/día

-Ten escaso impacto ambiental

- O orzamento de contrata resulta de 11.114.420,37 € (IVE do 16 %)

No ano 2009 iníciáanse os sucesivos gobernos do PP. No ano 2009 o expediente segue o seu curso e a nova Administración encarga e aproba o proxecto de execución da obra.

O último ano que aparece o proxecto nos orzamentos é o 2011:

- 2011 : 153.000 €
- 2012: 3.100.000 €
- 2013: 7.000.000 €
- 2014 e seguintes: 4.700.000 €

Posteriormente o proxecto desaparece dos orzamentos da Xunta de Galicia ata os do ano 2020.



Os estudos de tráfico citados antes veñen a demostrar que Carballo está afogado polo tráfico rodado. Está resolto o tráfico que circula polo eixo Coruña-Arteixo-Carballo-Fisterra, con variantes cara ás poboacións da Costa da Morte; pero non a circulación norte-sur. O tráfico lixeiro e pesado que proceda do Eixo Coruña-Arteixo-A Laracha-Polígono de Bértoa (Carballo) e dos concellos de Coristanco, Malpica, Ponteceso e Cabana ten necesariamente que cruzar o casco urbano de Carballo coa correspondente sobrecarga e perigo. Case a diario hai transportes pesados que quedan atrapados por non existir unha ruta clara que poida ser sinalizada.

Con motivo das últimas campañas municipais e autonómicas o proxecto volveu á actualidade, sobre todo pola presión do empresariado do parque industrial de Carballo, que ve imprescindible esta infraestrutura. En diversas reunións e actos públicos o presidente e a conselleira comprometéronse co proxecto.

Cando se saca do caixón o proxecto aprobado en 2010 compróbase que está caducado. A Axencia Galega de Infraestruturas saca a licitación a actualización da primeira fase do proxecto, incluído o estudo informativo e de impacto ambiental.

A redacción foi adxudicada a Noega Ingenieros, SL 4/12/2020, por 13.1627,43 € e un prazo de execución de 20 meses, prazo que parecía excesivo para uns traballos de actualización dun proxecto.

A día de hoxe o prazo dado para a presentación do proxecto obxecto do contrato está esgotado dende hai máis de dous meses, sen que se teña constancia da súa situación.

Por iso, a deputada e os deputados que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) En que situación se atopa o proxecto variante de Carballo. I Fase, de clave AC/20/087.01.AT/027/2020?

2ª) Cales son as previsións da Xunta de Galicia en relación a este proxecto?

Pazo do Parlamento, 21 de novembro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 21/11/2022 16:18:12

Martín Seco García na data 21/11/2022 16:18:27

Eduardo Ojea Arias na data 21/11/2022 16:18:44



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

Os humidais son ecosistemas dun moi elevado valor ecolóxico, que actúan como soporte dunha importante biodiversidade, incluíndo aves, anfibios, réptiles e mamíferos e contribúen decisivamente á loita contra o cambio climático. Son esenciais para frear riadas e inundacións en épocas de crecida de caudais, crean chan, estabilizan as costas, controlan a erosión e recargan e purifican acuíferos e augas subterráneas. Ademais as turbeiras e humidais arborados son particularmente importantes como sumidoiros de carbono, estimándose que as turbeiras almacenan máis do 25 % do carbono do solo, a pesar de representar o 3 % da superficie.

Galicia, dadas as súas características climatolóxicas e xeográficas, conta aínda cunha elevada riqueza deste tipo de ecosistemas, a pesar de que moitos desapareceron e moitos máis sufriron agresións de todo tipo nas últimas décadas. O convenio Ramsar de 1982 marcou o inicio da protección destes espazos, complementada pola lexislación ambiental europea e pola directiva marco de augas, así como pola propia lexislación estatal. En Galicia, o Decreto 127/2008, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos de Galicia, establece a regulación autonómica na materia, tendo como obxectivos, segundo o artigo 1 do propio decreto:

- a) O desenvolvemento do réxime xurídico dos humidais protexidos de Galicia establecido no artigo 14 da Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza.
- b) A creación e regulación do Inventario de humidais de Galicia.

Consonte ao artigo 13, o inventario configúrase como o instrumento que recollerá de forma sistemática nas zonas húmidas situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia que se atopen incluídas nalgunha das tipoloxías establecidas no anexo II.

Segundo o artigo 14.1 do decreto, o Inventario de humidais de Galicia “constitúe un rexistro público de natureza administrativa dos humidais localizados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia” e segundo o artigo 14.3 “o inventario de humidais de Galicia ten carácter público e poderá ser obxecto de



consulta pública permanente”.

Finalmente, o artigo 15 determina que a inclusión dos humidais no inventario se faga de oficio e sexa obxecto de publicación no DOG.

A pesar das previsións deste decreto, ben claras e non deixadas á discrecionalidade da Administración autonómica, 12 anos despois da entrada en vigor desta norma non existe o inventario de humidais previsto detalladamente no propio decreto.

Deste xeito, fóra dos 5 humidais teoricamente protexidos da ría do Eo, ría de Ortigueira e Ladrado, lagoa e areal de Valdoviño, complexo das praias, duna e lagoa de Corrubedo e complexo intermareal Umia-O Grove, que representan a cativa porcentaxe do 2,5 % da superficie total protexida en España no marco do convenio Ramsar, o resto dos humidais de Galicia, que superan o millar, non existen para a Administración, polo que habitualmente nin sequera son tidos en conta nas declaracións de impacto ambiental, por exemplo dos numerosos parques eólicos que se están a desenvolver nos últimos tempos.

Non obstante, cada ano a Xunta celebra o día mundial dos humidais falando da súa importancia coa foto e nota de prensa correspondente. Así, por exemplo, no cada vez máis distante ano 2013, o delegado da Xunta en Ourense personábase na Limia (exemplo de degradación de espazos deste tipo) para dicir que o 80 % destes espazos “tería a máxima protección ambiental”, quedando incluído na ampliación da Rede Natura, que consideraba inminente. Tamén cuantificaba o seu número afirmando que Galicia conta con 1.100 humidais, que suman 70.000 hectáreas repartidas maioritariamente entre os sectores litorais e as áreas de montaña, “segundo o inventario da Xunta”, cousa moi sorprendente considerando que tal inventario non existe aínda a día de hoxe e que a práctica totalidade deses espazos non só non ten “a máxima protección ambiental” senón que non ten ningún tipo de protección.

Propaganda aparte, a realidade é que a desprotección das nosas zonas húmidas é hoxe case total, estando sometidas a todo tipo de agresións, entre as que destacan historicamente a desecación da Lagoa de Antela e na actualidade a plantación masiva de eucaliptos paralela á súa desecación ou o aluvión de proxectos eólicos que nin sequera teñen en conta a existencia dos humidais porque, administrativamente, para a Xunta de Galicia non existen, ademais de actividades gandeiras intensivas altamente contaminantes e respecto das cales a Xunta mira para outro sitio.

Esta situación de case total desprotección das nosas zonas húmidas é incompatible co Convenio Ramsar, subscrito por España, e tamén co noso dereito



medioambiental, que inclúe a normativa europea. Á enorme importancia medioambiental das zonas húmidas engádesse ademais o carácter vital destes ecosistemas para o ciclo da auga da que dependemos para vivir e que vai resultar cada vez máis escasa no futuro como resultado do cambio climático, que tende a cronificar a seca incluso en lugares tradicionalmente húmidos como Galicia.

Por tanto, se a desprotección das zonas húmidas carecía de xustificación no pasado, cos coñecementos e capacidade de previsión actuais, manter esta situación atenta contra os máis elementais principios do bo goberno, da ética pública e do sentido común.

O MITECO puxo en marcha este ano o Plan Estratéxico de Humidais para impulsar a conservación e recuperación destes ecosistemas clave, co obxectivo de mellorar o estado da metade dos nosos humidais de aquí o ano 2030, ademais de incluír na compoñente 4 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) unha partida dedicada á conservación e restauración dos humidais, transferindo en 2021 ás CC.AA máis de 120 millóns para esa finalidade, con carácter complementario dos fondos que dedican as confederacións hidrográficas para a mesma finalidade.

Finalmente, en decembro de 2021 comezou a nivel europeo o proxecto *Waterlands*, financiado pola UE, que ten como obxectivo principal sentar as bases para a protección e restauración dos humidais europeos a longo prazo poñendo a traballar inicialmente a 32 organizacións en 14 países.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Vai o Goberno de Galicia protexer os valiosísimos humidais de Galicia comezando pola elaboración do inventario que está obrigada a facer segundo o decreto 127/2008?

2ª) Cal é o motivo de que 12 anos despois da aprobación do decreto que obriga ao Goberno galego a facer o inventario de humidais, tal inventario non exista?

3ª) Ten o Goberno galego constancia da importancia, características e valor de cada un dos humidais de Galicia?

4ª) Que porcentaxe do total de humidais de Galicia conta con algún tipo de protección e cal é ese tipo de protección?

5ª) Cantas sancións impuxo o Goberno galego nos últimos 5 anos por infraccións ambientais nos humidais de Galicia?



6ª) Está o Goberno galego tendo en conta o elevado valor ecolóxico dos humidais nas declaracións de impacto ambiental que emite, sinaladamente na tramitación de proxectos eólicos e actividades gandeiras intensivas?

7ª) Sabe o Goberno galego cantos dos proxectos eólicos en tramitación en Galicia afectan ou poden afectar a humidais?

Pazo do Parlamento, 21 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 21/11/2022 18:06:54

Paloma Castro Rey na data 21/11/2022 18:07:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as accións a tomar pola Xunta para evitar o desabastecemento de fármacos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada vez son máis as notificacións de desabastecemento de fármacos no noso país, segundo a propia AEMPS, as notificacións de desabastecemento foron en aumento sen parar nos últimos anos, un de cada tres fármacos sufriu algunha incidencia, aumentando até chegar ao 40% no último ano.

Faltan todo tipo de medicamentos: analxésicos, antiinflamatorios, ansiolíticos, tranquilizantes, antibióticos, anticoagulantes... Algúns poden ser substituídos por outros, mais outros como é o caso da insulina non é así polo que a preocupación e a alarmas son máis que xustificadas

Segundo diversas informacións a razón de que os laboratorios non teñan medicamentos a disposición é a falta de materias primas, tanto dos propios principios activos como de materiais para o seu envasado, pero o máis preocupante é que en moitos casos a industria farmacéutica opta por vender os seus produtos noutros países onde obteñen máis marxe, ou a sanidade privada.

O BNG súmase á preocupación de doentes, profesionais sanitarios e establecementos farmacéuticos por esta situación que obriga á poboación a peregrinar





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de establecemento en establecemento para ver se conseguen os fármacos e atoparse en algúns casos como é o da insulina que se lles está a dicir que non van ter subministro até dentro de varios meses.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que accións está realizando a Consellaría de Sanidade para garantir que ningún galeg@ quede sen a medicación que precisa por desabastecemento de fármacos, en especial os que non poden ser substituídos?

Ten realizado algún estudo das consecuencias do desabastecemento continuo de fármacos, que a propia AEMPS di que foron en aumento sen parar nos últimos anos, aumentando até chegar ao 40% no último ano?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 22/11/2022 09:40:35

Olalla Rodil Fernández na data 22/11/2022 09:40:40

María Montserrat Prado Cores na data 22/11/2022 09:41:03



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Nos últimos anos a Xunta de Galicia contrataba durante 6 meses o servizo dun tractor e dunha brigada para a limpeza e mantemento do parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés.

Cada mes a brigada e o tractor realizaban tarefas de mantemento nun concello que pertence ao parque natural (Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños).

A preguntas sobre o particular, antes de que comezara a tempada de verán 2022, respóndeselles verbalmente que este ano non se conta con dotación orzamentaria para poñer en funcionamento a prestación descrita.

En plena época estival a directora xeral de Patrimonio Natural cita en Ourense os rexedores dos seis concellos do parque para anunciarlles que finalmente se van a levar a cabo algúns traballos de desbroce en cada un dos termos municipais.

Tales actuacións, descoñecidas ata ese momento polos alcaldes, supón de media o emprego de 3 ou 4 días en cada concello para a limpeza de rutas e zonas recreativas que na maioría dos casos non coincide cos lugares de interese que os representantes municipais consideran prioritarios.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Pensa o Goberno Galego restablecer o servizo de mantemento co que durante seis meses apoiaba os concellos pertencentes ó parque Natural Baixa Limia -Serra do Xurés?
2. De ser así, vai a coordinar este servizo de mantemento cos municipios os que vai destinado?
3. Parécelle suficiente ao Goberno da Xunta de Galicia que a proposta do verán do 2022 foi unha achega suficiente na contribución o mantemento e limpeza nos concellos incluídos no Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés?



4. Entende o Goberno galego que esta pírrica proposta se pode facer en pleno mes de xullo?
5. Hai razóns asumibles para que os traballos deste tipo non se poidan coordinar coa antelación precisa cos concellos ós que se destina?
6. Dedúcese do aquí exposto que esta é a aposta formidable que o Goberno galego, con motivo da aprobación do PRUX, anuncia para o Parque Baixa Limia -Serra do Xurés?

Pazo do Parlamento, 21 de novembro do 2022

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/11/2022 10:25:43

Martín Seco García na data 22/11/2022 10:25:56



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Diferentes estudos actuais apuntan a que entre 700.000 e 800.000 persoas sofren algún problema de insuficiencia cardíaca en España, e que os datos en Galicia non se limitan a ser a correspondencia estatística senón que a incidencia é notoriamente maior. De maneira engadida, a insuficiencia cardíaca amosa precisar dunha atención específica á supervivencia do paciente a 5 anos vista, horizonte con respecto ao que existen datos preocupantes que deberían facer que atendésemos con maior intensidade á súa prevención e tratamento. O aumento dos casos de insuficiencia cardíaca ten aumentado por riba dun 20 % na última década, cunha taxa de mortalidade por riba do 10 %.

Os datos sobre cuestións tan relevantes como as mencionadas serían máis que suficientes para tomar decisións proactivas en favor de afondar na prevención e tratamento desta afectación. Pero aínda así é de certo interese expoñer que unha toma de decisións real e efectiva neste campo tamén contribuiría a unha maior eficiencia na xestión do sistema, por resolver problemas de recaídas e reingreso no sistema.

Galicia mantense nun discreto segundo plano no que corresponde á xestión sanitaria orientada cara a insuficiencia cardíaca. Os equipos profesionais evidencian unha altísima calidade, como amosan os criterios clínicos e a referencia nacional e internacional dos avances que se producen, mais os criterios de xestión están quedando atrás neste campo e non avanza á velocidade que deberan. A relevancia desta afectación merecería unha intervención máis proactiva sobre campañas de prevención, e tamén é preciso implementar maior conexión dos servizos de cardiología coa atención primaria para ser quen de adiantarse antes os problemas e para difundir mellores hábitos de vida dende a perspectiva da saúde comunitaria, hoxe afogada pola saturación da atención primaria.

No pasado mes de maio, o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde deseñou e aprobou o Plan Estratéxico Nacional de loita contra a insuficiencia cardíaca, que serve de marco para que as comunidades autónomas desenvolvan as súas propias estratexias autonómicas. Galicia, non en tanto, non deu aínda



síntomas de avanzar nesta cuestión mentres moitas outras comunidades autónomas xa incorporaron esta cuestión no seu deseño estratéxico do seu correspondente sistema de saúde.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Por que o goberno de Galicia non ten aínda implantadas as accións precisas para elaborar unha Estratexia Galega de loita contra a Insuficiencia Cardíaca na liña do acordado no CISNS co Ministerio de Sanidade e as demais comunidades autónomas?
2. Estaría disposto o goberno de Galicia a iniciar campañas de detección precoz e continuidade asistencial sobre a insuficiencia cardíaca, coa dotación de recursos materiais e humanos precisos na atención primaria?
3. Considera de interese o goberno de Galicia iniciar unha campaña de sensibilización sobre a importancia dos coidados para unha mellor saúde cardiovascular, e de alerta sobre a incidencia da insuficiencia cardíaca e as súas consecuencias na poboación de Galicia? De ser así, por que non o ten feito xa e cando ten previsto realizalo?

Pazo do Parlamento, 22 de novembro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 22/11/2022 10:42:07

Marina Ortega Otero na data 22/11/2022 10:42:17



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e María Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O Goberno do Estado, na súa aposta por medidas de apoio á nosa industria e ao mantemento de emprego de calidade, concedeu 44 millóns de euros en axudas a instalacións industriais de Galicia dentro do mecanismo de compensación de CO₂.

Estas axudas son clave para o avance da nosa industria e para protexer os postos de traballo de moitos traballadores e traballadoras do noso territorio, unhas axudas que intensifican as medidas tomadas polo Goberno do Estado para reforzar a competitividade dos sectores industriais fronte á actual situación dos prezos da enerxía que sacude toda Europa, unhas medidas que establecen axudas directas, como eses 44 millóns e outras indirectas como as rebaixas de impostos nas que se está a traballar ou a inclusión temporal das plantas de coxeración das industrias con gran consumo de gas no mecanismo de excepción ibérica.

Estas axudas incluídas polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo na proposta de resolución provisional das axudas do mecanismo de compensación de custos de emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro contan con 244 millóns de euros e foron adxudicados case na súa totalidade, sendo Galicia a comunidade de toda España que máis fondos recibe, un 18 % do total dispoñible en 13 concesións.

Son perceptores destas axudas empresas como ALCOA, Aluminios Cortizo, XEAL, Papeleira de Brandía, a factoría de ENCE en Pontevedra, EXLABESA, MEGASA, FERROGLOBE, CELSA ou o complexo industrial de REPSOL na Coruña e dentro destes perceptores, as factorías de ALCOA en San Cibrao son as máis beneficiadas cun total de 29,85 millóns de euros en axuda directa, algo que pon de manifesto quen traballa polo mantemento do emprego na Mariña lucense á espera de que a Xunta de Galicia cumpra con algo máis que palabras á hora de garantir o futuro desta planta ou en FERROGLOBE na que ademais de estas axudas tivo que ser a SEPI a que rescatara a esta empresa con 34,5 millóns de euros.

O Goberno galego, que polo noso Estatuto de autonomía é a administración competente en materia industrial, non estableceu medidas de apoio a estas empresas, pese ás emendas que o noso grupo presentara aos orzamentos da Xunta



de Galicia do 2022 para habilitar fondos para esta cuestión. Tampouco estamos a ver como dende o Goberno galego impulsan a implantación de enerxía renovable ligada a este tipo de produción industrial que podería garantir uns prezos razoables para a súa competitividade.

Do mesmo xeito que o Goberno estatal pon os seus esforzos para apoiar ás ditas empresas dende o Grupo Socialista entendemos que o Goberno galego debería facer un esforzo máis aló de palabras que desaparecen tal e como chegan.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª Pensa o Goberno galego implementar unha liña de axudas con fondos propios ás industrias con altos custos de emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro tal e como fai o goberno estatal?

2ª) Cales son as iniciativas que o Goberno galego está a tomar para unha pronta reactivación da produción nas fábricas de ALCOA en San Cibrao? Cal é o resultado destas iniciativas se existen?

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 22/11/2022 12:18:44

María Leticia Gallego Sanromán na data 22/11/2022 12:19:03



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Galicia é un dos territorios máis envellecidos de Europa, e estará entre as 3 zonas que máis o estarán nos vindeiros 20 anos segundo diversos informes expertos no seo da Unión Europea. A poboación galega amosa unha evidente tendencia a aumentar a súa idade, e a que os nosos maiores vivan máis tempo.

Este avance relevante é positivo se vén acompañado de maior calidade de vida, especialmente nestes anos da vida. Para iso precisamos un sistema social que cubra as necesidades dos nosos maiores. No plano sanitario o aumento de idade tende a ir acompañado de maior frecuentación do propio sistema, tanto en atención primaria como na atención hospitalaria para os problemas específicos. Ata o de agora ambas dimensións sofren problemas de xestión no sistema sanitario. No caso da atención primaria pola evidente perda de control do sistema por parte do goberno de Galicia que provoca saturacións e problemas nunca coñecidos, con esperas longas, falta de profesionais nos centros de saúde e afastamento dos servizos dos contornos máis rurais, o que prexudica a aquelas persoas que viven en zonas máis despoboadas que son, en boa parte, persoas maiores que teñen maior dificultade para desprazarse e para ser operativo antes os erros de xestión.

No plano hospitalario en Galicia tamén existe un problema de déficit de profesionais, pois a maior parte de situacións de persoas maiores son cubertas por profesionais de medicina interna, que é un servizo que nos últimos tempos vense caracterizando por evidenciar problemas estruturais na súa xestión e planificación por parte da Consellería de Sanidade. Estes servizos, xa de por si saturados, teñen ademais a tarefa de atender ás persoas maiores por non existir unidades de xeriatria con persoal especializado salvo en Vigo e Lugo. Como caso paradigmático Ourense, a poboación máis envellecida de España, non ten servizo de xeriatria na súa rede de hospitais do sistema público.

Ante estes problemas, a Dirección do sistema sanitario público debe reaccionar e reorientar as decisións para dotar dos mecanismos necesarios para poder atender ás necesidades das persoas maiores, coa súa especificidade e a atención que merecen.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Por que a rede do sistema público de saúde de Galicia non ten implantado servizos de xeriatría nas distintas áreas sanitarias sendo unha Comunidade Autónoma con elevada tendencia ao envellecemento?
2. Cre o goberno de Galicia que a situación actual da Atención Primaria permite dar unha especial atención ás persoas maiores segundo as súas necesidades?

Pazo do Parlamento, 22 de novembro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 22/11/2022 16:57:45

Marina Ortega Otero na data 22/11/2022 16:57:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a xestión do goberno galego en relación coa contaminación ambiental que sofre a veciñanza da parroquia de Matamá (Vigo) lindante co Polígono de Balaídos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os barrios de Roupeiro e Parada, situados na parroquia de Matamá do concello de Vigo, estreman coas instalacións do polígono de Balaídos. Unha proximidade que está a someter a estes barrios a unha presión industrial que lle xera á veciñanza unha situación medioambiental insostible.

Os cheiros, os ruídos e as partículas metálicas que lles chegan ás súas casas proveñen das instalacións de Stellantis. As naves de tratamento de superficie e lacado dos automóviles da citada factoría son as máis próximas á zona afectada e as que provocan a contaminación acústica e ambiental que sofre a veciñanza.

No ano 2003 constitúese a “Asociación de afectados pola ampliación da Zona Franca” para loitar contra a posible ampliación do polígono de Balaídos e contra a situación que sofren a diario pola súa proximidade ás súas vivendas.

Unha situación que afecta directamente a súa saúde; o ruído continuo, os cheiros permanentes e as partículas de pintura non só chegan ás súas casas e aos seus coches, senón tamén aos seus corpos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nos 19 anos de existencia a asociación de afectados dirixiuse, en nome da veciñanza, ao Concello de Vigo, á Xunta de Galicia, ao Goberno do Estado, a Valedoría do Pobo, á xustiza, ..., a calquera organismo que puidera aportar algunha solución á situación que sofren a diario. Mais a realidade é que ate o momento non se adoptou ningunha medida que evite a contaminación ambiental que produce a fábrica de automóbiles e a garanta a saúde das persoas que viven na proximidade da fábrica.

Esta situación tamén foi denunciada nos xulgados e estes déronlle a razón á veciñanza sentenciando que a responsabilidade de PSA (actualmente Stellantis) non ofrece dúbidas. Dálle a razón á veciñanza que leva anos denunciando e sufrindo as consecuencias da actividade que a planta automobilística desenvolve nas naves que están máis preto das súas casas, sen que ningunha administración nin autoridade competente tomara medidas para evitalas.

A demanda da “Asociación de afectados pola ampliación da Zona Franca”, que representa á veciñanza afectada, é que se tomen as medidas precisas para evitar a contaminación ambiental que se produce dende o polígono industrial de Balaídos e para garantir a súa saúde.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

-Considera a Xunta de Galiza necesario adoptar medidas para compatibilizar a existencia dunha zona industrial coa garantía da calidade de vida para as persoas que residen en lugares próximos, como por exemplo no caso dos barrios de Roupeiro e Parada en Vigo?

-Coñece o Goberno Galego a situación de contaminación ambiental que está a sufrir a veciñanza dos barrios de Roupeiro e Parada, situados na parroquia de Matamá do concello de Vigo, estremantes coas instalacións do polígono de Balaídos.?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera o Goberno Galego que esta situación que sofre a diario a veciñanza de Matamá está afectando á súa saúde?

- Ten feito o Goberno galego algunha actuación diante das denuncias da Asociación de afectados pola ampliación da Zona Franca” na Consellería de Medio Ambiente?

- No caso de ter feito algunha actuación, que conclusións saca a Consellería de Medio Ambiente das actuacións realizadas?

- Que actuacións pensa adoptar o Goberno Galego para evitar que a veciñanza dos barrios estremeiras coas naves de tratamento de superficie e pintura da factoría Stellantis en Vigo continúe sufrindo as consecuencias da contaminación ambiental que provocan estas naves (cheiros, ruído e contaminación con partículas metálicas) e que afectan á súa saúde?

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2022

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 22/11/2022 17:18:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 22/11/2022 17:18:48

María do Carme González Iglesias na data 22/11/2022 17:18:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Ramón Fernández Alfonso, Carme González Iglesias e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ao bloqueo do termalismo en Ourense por mor do fracaso das políticas impulsadas pola Xunta de Galiza e a neglixencia do Concello de Ourense.

Exposición de motivos

Desde o ano 2020 a cidade de Ourense continúa a arrastrar a incapacidade do bipartito PP-Democracia Ourensana e da propia Xunta de Galiza para desbloquear as repercusións negativas da nova lei de aproveitamento termal e superar a falta de planificación e dilixencia das diferentes partes.

É necesario sinalar que ata o momento de entrar en vigor a lei, Ourense tiña nos aproveitamentos termais un dos seus potenciais vectores de crecemento e desenvolvemento económico malia que o seu actual alcalde considere o termalismo como un “bluff”. Así mesmo, a cidade de Ourense foi no pasado unha referencia na existencia de espazos de desfrute termal de acceso e xestión pública, democratizando o seu use e desfrute por parte da veciñanza ourensá con independencia do seu nivel de renda. Non en balde, o Parlamento galego aprobou no ano 2008, a impulso do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a declaración de Ourense como capital termal.

Porén, nos últimos anos, lonxe das esperanzas postas naquel consenso e no consenso ourensán arredor daquel primeiro Plan Estratéxico Termal de Ourense impulsado no Concello, a evolución do termalismo en Ourense estivo limitada pola falta





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de apoio da Xunta de Galiza e a desidia e bloqueo político dos dous últimos gobernos municipais. Entre outros problemas, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego temos sinalado o enfoque reducionista centrado exclusivamente no turismo e sen unha avaliación rigorosa (como demostra o Plan de Turismo Termal), a falta de aposta pola conexión da realidade termal co Campus da Auga e a investigación, a carencia dunha estratexia de saúde pública, a necesidade de recuperación patrimonial e cultural (BIC das Burgas, Tinteiro...), as distorsións da xestión estatal dos ríos ou a necesidade de cumprir transformacións pendentes (boulevard termal, reforma da zona do matadoiro, etc).

A desidia e a falta de colaboración política e institucional entre Xunta e concello é, nestes momentos, a responsábel de que varias termas de Ourense estean inutilizadas, singularmente As Burgas, furtando un dereito á veciñanza e unha oportunidade de dinamización económica nun momento complicado para unha zona tan castigada.

Desde hai tres anos son recorrentes as desculpas e cruces de acusacións, primeiro co goberno bipartito PP-Democracia Ourensana, despois co goberno en solitario de DO e agora novamente cun goberno bipartito que emprega o termalismo como unha arma arreboladiza máis para facérense oposición entre eles. Despois de que o Partido Popular bloquease no Parlamento Galego propostas para sacar adiante esta situación, asumiron pola vía dos feitos que parte das propostas eran o que había que facer. Nese sentido, ambas administracións comezaron algo semellante a unha mesa e dinámica de traballo e mesmo nos Orzamentos de 2022 a Xunta asumiu pola vía dos feitos que era parte do problema e consignou unha partida orzamentaria para que as entidades locais se puideran adaptar á nova lei. Aínda así, as termas en Ourense continúan sen estar ao 100% operativas.

Para máis inri, no Proxecto de Orzamentos da Xunta de Galiza para 2023 prometen unha “área termal” e unha “sede termal” en Ourense con orzamento cero e o alcalde de Ourense vén de descubrir que o río sobe en inverno e veñen de inutilizarse





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

novamente as instalacións da Chavasqueira e do Muiño da Veiga, ante o que o alcalde cuestiona que as termas deban estar aí no lugar de explorar posibilidades para ampliar o período de uso e facelo compatible coas alteracións do caudal.

Esta situación require de seriedade, planificación, compromiso por todas as partes e alturas de mira para determinar cales son as características das instalacións de Ourense e como poderían poñerse en funcionamento. É necesario superar a falta de capacidade da Xunta de Galiza e do Concello de Ourense para recomenzar a actividade termal en Ourense e adaptar as instalacións ás novas condicións derivadas da situación de pandemia e da aplicación da Lei 8/2019, do 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galiza.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- Que valoración fai o goberno galego da súa negligencia canto ao termalismo, como sucede por exemplo na cidade de Ourense?
- Que valoración fai do fracaso da lei de aproveitamento lúdico-termal en contra das necesidades de Ourense e do sector?
- Cal é a previsión por parte da Xunta de Galiza para a reapertura de todas as instalacións termais públicas do Concello de Ourense?
- Que recursos económicos vai achegar?
- En que se vai concretar “a sede termal”? Cal vai ser o seu lugar, o seu orzamento e as súas funcións?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 23/11/2022 17:34:52

María do Carme González Iglesias na data 23/11/2022 17:34:55

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/11/2022 17:35:12

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/11/2022 17:35:23

Noa Presas Bergantiños na data 23/11/2022 17:36:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** sobre a carga burocrática no sistema educativo galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos cursos sucédense as queixas do profesorado para denunciar o incremento da carga burocrática que a administración educativa galega esixe curso tras curso.

Cómpre sinalar que cos recortes de profesorado impostos pola Consellaría de Educación nos últimos anos, así como co incremento do horario lectivo, o maior número de alumnas e alumnos nas clases ou a perda de horario dos e das docentes para facer fronte ás necesidades educativas complementarias; o día a día do profesorado galego fica cada curso máis condicionado por unha carga burocrática que resulta, en boa parte dos casos, innecesaria e noutros casos, simplemente absurda.

No presente curso 2022/2023 esta carga burocrática que xa viña sendo denunciada polo profesorado nos cursos anteriores, lonxe de se reducir, incrementouse.

O emprego das aplicacións informáticas PROENS para a elaboración das programacións, así como a necesidade de adaptar a documentación dos centros de ensino á nova normativa académica supuxo un novo incremento do labor burocrático do profesorado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o BNG temos claro que a elaboración de documentos docentes debe ser unha ferramenta ao servizo do profesorado e do alumnado que contribúa á mellorar o labor docente e o proceso de aprendizaxe. Mais, pola contra, a realidade a día de hoxe é que en moitas ocasións estes documentos supoñen unha carga burocrática que debe ser revisada xa que, en boa parte dos casos, non teñen razón de ser e que en pouco en nada contribúen a acadar estes obxectivos

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Vai a Consellaría de Educación elaborar un plan para mellorar a eficiencia na xestión académica que sexa consensuado cos axentes da comunidade educativa e que contribúa a reducir a carga burocrática nos centros de ensino?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2022

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 23/11/2022 17:52:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 23/11/2022 17:52:36

Daniel Castro García na data 23/11/2022 17:52:47



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

No DOG do 24 de xaneiro de 2022 publicábase a Orde de 28 de decembro de 2021 polo que se establecen as bases e se regulan os procedementos para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros cofinanciadas polo FEMP e se convocan para o 2022 os devanditos procedementos.

Liña de axudas de flota que se dan cada ano aos pescadores para investimentos que fomenten a pesca sostible, e a convocatoria das axudas deste ano, de novo, realízase sobre un baremo que se calcula sobre a media salarial de cada pescador de cada porto, que fai que as pequenas embarcacións ano tras ano non poidan optar a estas axudas.

Entre os requisitos que se establecen nestas bases, aprobadas polo Goberno galego, a Xunta de Galicia aplica unha media para cualificar se unha axuda se da ou non, e que provoca que moitos pescadores nunca reciben estas axudas porque non están feitas por tramo de barco. A Xunta de Galicia, ao facer unha media sobre as vendas de cada porto e marcar unha media, a partir de cal toca ou non a axuda, discrimina as pequenas embarcacións.

O que acontece, que o haber un único segmento para toda a frota, ao non ter en conta nestas axudas nin a actividade do barco, nin o caladoiro onde traballa, nin o número de traballadores da embarcación, ao non facer a media entre Permex similares, o que fai a Xunta de Galicia é negarlle a posibilidade ás pequenas embarcacións de acceder a estas axudas. É inxusto que o Goberno galego faga unha media, por exemplo, entre un palangreiro do Índico e dun pescador dunha embarcación de menos de 5 metros, ao final as axudas sempre veñen denegadas para as embarcacións pequenas, porque non se separa por artes nin por tramos de embarcación.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:



1ª) Cantas solicitudes, segundo o Goberno galego, se presentaron ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases e se regulan os procedementos para a concesión en réxime de concorrência competitiva de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros cofinanciadas polo FEMP e se convocan para o 2022 os devanditos procedementos?

2ª) Cantas das solicitudes presentadas na Xunta de Galicia recibiron axudas conforme a esta convocatoria?

3ª) Cantas destas axudas concedidas polo Goberno galego foron a parar a pequenas embarcacións?

4ª) Pensa a Xunta de Galicia que os requisitos que piden nestas convocatorias son xustos coas pequenas embarcacións?

5ª) Non pensa a Xunta de Galicia que con estes requisitos está a discriminar as pequenas embarcacións?

6ª) Pensa a Xunta de Galicia modificar os requisitos das futuras ordes de convocatoria destas axudas de cara a non prexudicar as pequenas embarcacións e non deixalas fóra delas?

Pazo do Parlamento, 23 de novembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 23/11/2022 13:44:16

Julio Torrado Quintela na data 23/11/2022 13:44:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz, Mercedes Queixas Zas e Maria González Albert, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Certamente que si, temos un problema coas emisións de nitróxeno, tamén de fosfatos, tanto á atmosfera en forma de amoníaco coma a solos e augas. E temos ese problema hai xa tempo.

E certamente pode achacarse unha parte á actividade agrogandeira a orixe desas emisións aínda que non é o emisor máis importante.

Pero non é menos certo que os gases de efecto invernadoiro non proceden todos da gandaría e da agricultura, o confinamento por mor da Covid 19 fala alto e claro...e a actividade agrogandeira non se viu interrompida nese período.

Xusto é tamén que analicemos polo miúdo algúns aspectos do “problema”:

-Cando se fala de gandaría... de cal falamos? da gandaría con terra ou da intensiva sen terra?

-De porcino, aves, coellos, vacún?

-Os abonos de síntese non emiten?

-Quen é responsable da concentración de UGMs en certas comarcas deste País?

-Cales son as solucións que o uso da razón e da lóxica aconsellan?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Os automóviles e o transporte de todo tipo, non emiten gases efecto invernadoiro?

-Que intereses económicos e políticos hai detrás de todo isto?

Porque cando se fala de emisións de amoníaco as fotos que aparecen nos xornais son de gando vacún, e o sector demonizado socialmente é o vacún. Cuestión de fotografías e o seu impacto na opinión pública. E resulta que as emisións de nitróxeno á atmosfera, solos e augas responsabilidade desta gandaría non o son tal, pois esta, en Galiza, dispón de terra para a súa absorción.

Emisións amoníaco Estado español (2020)

-Porcino.....	28%
-Abonos de síntese.....	22%
-Aves, carne e ovos.....	9%
-Vacún de leite.....	8%
-Vacún carne.....	7%
-Ovino.....	8%

O sector leiteiro de vacún en Galiza é responsable de máis do 40% da produción láctea, e xunto coa carne desta especie asenta as súas gandarías sobre explotacións con base territorial que absorben os puríns e demais subprodutos nun claro exemplo de economía circular.

Non acontece así coas explotacións de porcino e aves que carentes de base territorial teñen ceder a terceiros a responsabilidade da xestión dos subprodutos (estercos e xurros).

A mala planificación territorial, o ollar para outro lado e os clientelismos políticos propiciaron que o sector porcino e avícola se desenvolvese anormalmente en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

certas comarcas de Galiza xerando problemas de eutrofización e ameazas de vulnerabilidade. A carga gandeira que soportan esas comarcas é excesiva xerando problemas de saúde pública tanto humana coma medioambiental.

A solución razoable para esta situación pasa por unha boa planificación territorial e polo recoñecemento destes subprodutos coma recursos necesarios para un país con vocación agrícola pero cunha SAU do 21% froito do abandono e desleixo da administración política.

As boas prácticas aconsellan a utilización destes fertilizantes preferentemente en certas épocas do ano. As dimensións das foxas de xurro de moitas explotacións non son as adecuadas estando ademais as máis delas sen cuberta. Claro que o PP que sustenta ó goberno non quere saber nada de axudas para o redimensionamento destas instalacións como xa fixo votando en contra de iniciativas do BNG neste sentido.

E así andaban as cousas, negando as evidencias, cando aparece a solución máxica ligada a macroproxectos da chamada economía circular. E todos queren participar. E Reganosa, Naturgy e Repsol fanse presentes neste panorama con forza inusitada asociados a un novo chiringuito chamado Impulsa que se define coma un Consorcio público-privado para o impulso de proxectos transformadores en Galiza, que promovan a dixitalización, descarbonización, circularidade y xeración de emprego sostible.

E estas empresas, que non se distinguiron polo seu amor ó medio ambiente nin sustentaron economías circulares nas súas actividades, agora coma por arte de maxia aparecen coma solución incuestionable do problema da contaminación agrogandeira deste común País galego.

E deste xeito e maneira, co apoio expreso da Xunta de Galiza, van procesa-los supostos excedentes gandeiros de fertilizantes orgánicos para fabricar gas. E vano facer





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en Cerceda, a carón de Sogama que seica ten uns excedentes de xurros e estercos, de moito ver. E vai custar arredor de 600 millóns de euros.

Todo isto debidamente acompañado dunha profusa propaganda cara á opinión pública, sen consulta ós técnicos e cunha ocultación dos proxectos que raia nas prácticas antidemocráticas.

E as granxas con base territorial (en vacún a case totalidade) van abona-las súas terras con?

Eis a pregunta do millón. Un gasto multimillonario nunha actividade sen rendibilidade e a casa sen varrer.

Porque o problema de contaminación por nitratos vai permanecer.

Porque o dixestato resultante do proceso anaerobio ten máis contido en nitróxeno cós puríns utilizados.

Porque o transporte e os procesos de secado consomen tanta enerxía coma a que van producir.

Porque o problema está en que a carga gandeira non se corresponde coa SAU.

Porque hai máis de 600.000 has de terra agraria abandonada que están pedindo fertilizantes e cultivo.

Porque o diñeiro utilizado nestes proxectos van beneficiar a grupos económicos que non xeran riqueza aquí.

Porque o mellor xeito de xerar dinamismo económico no rural é mobilizar terras, activar cultivos e propiciar pequenas industrias transformadoras.

Porque se trata de usar eses Next Generation coma chuvia fina que regue un amplo territorio e fixe poboación. O outro é chuvia de tronada que por onde pasa arrastra e destrúe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Considera o goberno galego que as plantas de biogás, como por exemplo a que se pretende instalar en Cerceda, son a solución para os problemas xerados pola alta carga gandeira, e para resolver os problemas de contaminación por nitratos e os altos costes de fertilizantes químicos nas granxas galegas?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2022

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Mercedes Queixas Zas

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 23/11/2022 18:27:19

Mercedes Queixas Zas na data 23/11/2022 18:27:23

María González Albert na data 23/11/2022 18:27:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 23/11/2022 18:27:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputados **Manuel Lourenzo Sobral**, **Luis Bará Torres** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as deficiencias existentes no servizo de ambulancias na Área Sanitaria Pontevedra o Salnés.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

@s traballador@s da empresa concesionaria do servizo de ambulancias da Área Sanitaria Pontevedra o Salnés, levan meses denunciando as deficientes condicións nas que se está a prestar o servizo, denuncia que acaban de reiterar publicamente.

Volven a denunciar que a pesares da gravidade dos incumprimentos da empresa que afecta tanto as condicións laborais como a calidade asistencial que prestan, non se teñen solucionado.

Denuncian os graves e constantes incumprimentos por parte da empresa. En concreto, a falta de material básico ou o deterioro do existente e o uso de vehículos que non pasaron a inspección sanitaria ou a ITV. O deterioro das condicións laborais que sofren desde que hai ano e medio a Xerencia da Área Sanitaria sacou un concurso público deficitario.

Ás denuncias xa realizadas con anterioridade hai que sumar o non cumprimento do requirimento contido nunha circular enviada pola Xerencia solicitándolle que puxese





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha ambulancia A1 (para traslados) porque se ía cambiar o TAC do hospital do Salnés, e un vehículo C (UVI móbil) para os casos urxentes; as dúas en horario de 8:00 a 22:00 de luns a domingo. A día de hoxe só puxeron unha A2, que é para traslados de pacientes e de consultas, e a C que habilitaron non pasou sequera a inspección sanitaria dende abril, tendo a Policía Local de Vilagarcía inspeccionado este vehículo e levantou acta por infracción moi grave. A todo o anterior súmase q denuncia de que normalmente teñen operativas menos ambulancias das que marca o concurso.

Estes incumprimentos son de sobra coñecidos pola Xerencia da Área Sanitaria, sen que teña actuado para esixir a súa solución

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Considera que está garantindo unha atención axeitada as persoas que precisan transporte sanitario terrestre?

A que agarda a Xunta de Galiza para actuar diante das múltiples deficiencias denunciadas no transporte sanitario terrestres na Área Sanitaria Pontevedra-Salnés?

Que accións ten realizado tras ser informado hai meses das irregularidades no servizo de transporte sanitario terrestre Área Sanitaria Pontevedra Salnés?

Procedeu a realizar unha inspección xeralizada da empresa concesionaria para facer unha labor de comprobación das denunciadas efectuadas: condicións laborais, desinfección de vehículos, material...?

Obrigou ás empresas á súa corrección?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten aberto algún expedientes sancionador, ou acción legal por irregularidades detectadas?

Considera que a poboación desta Área Sanitaria conta cos recursos suficientes en número de vehículos e profesionais en activo para recibir a atención en tempo e forma?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Manuel Lourenzo Sobral

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/11/2022 18:25:47

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/11/2022 18:25:50

Iria Carreira Pazos na data 24/11/2022 18:25:58





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 24/11/2022 18:26:10



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O impacto rexistrado en Europa a causa da guerra de Ucraína notouse con forza no comercio, ó igual que aconteceu co impacto da crise da COVID-19 neste sector do comercio.

O encarecemento dos produtos está desembocando en menores marxes de beneficio para os pequenos e medianos comercios, que ademais están perdendo competitividade.

Os comercios están destinando o 30 % do seus recursos económicos para facer fronte ó sobrecoste da luz e do gas.

Segundo a *Unión de Profesionales y Trabajadores Autónomos* en Galicia pecharán durante novembro e decembro deste ano 300 comercios. As perspectivas empeoran coa costa de xaneiro, para o primeiro trimestre do 2023 a previsión é que na nosa comunidade autónoma baixarán a reixa 400 comercios, xa que un terzo dos autónomos galegos dedícanse o comercio polo miúdo.

O obxectivo da Xunta de Galicia tería que ser que o comercio sexa un sector resiliente, competitivo e adaptado aos novos hábitos de consumo, e para iso debe apostar pola dixitalización e a sustentabilidade. O Goberno galego ten que axudar ó sector do comercio a mellorar a estratexia comercial en liña, o modelo de negocio, a experiencia de compra e a economía circular.

O certo é que o complexo escenario da alza dos prezos leva sendo desfavorable case todo o ano e proba dilo e a caída de autónomos rexistrada na comunidade galega. No que vai de ano, ata o 1 de outubro, Galicia perdeu cerca de 2.600 persoas autónomas. Por provincias, Coruña perdeu 1.012 autónomos/as, Pontevedra 698, Lugo 513 e Ourense 373 autónomos/as.

Con estas cifras é preciso que a Xunta de Galicia poña en marcha axudas directas para este sector para frear o sobre custo que xerou a electricidade para centos de negocios galegos. Tamén é importante cambiar o modelo de produción,



mellorando, entre outros aspectos, a dixitalización dos locais e a formación das súas persoas propietarias.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Vai a Xunta de Galicia a poñer en marcha de forma urxente axudas directas para o sector do comercio para frear o sobre custo que xerou a electricidade causado pola guerra de Ucraína?

Pazo do Parlamento, 24 de novembro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 25/11/2022 07:54:06

Martín Seco García na data 25/11/2022 07:54:15



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte interpelación.

A asistencia en termos de avaliación visual e posible detección de patoloxías é unha labor que en Galicia realizan, en termos maioritarios, os profesionais de óptica e optometría da rede de establecementos privados. Existen algúns establecementos que realizan esta labor de maneira gratuíta para o cidadán, cargando o custe desta avaliación sobre as súas propias contas e entregando o seu traballo a fondo perdido.

No ano 2007 a Consellería de Sanidade e o Colexio Oficial de Ópticos e Optometristas asinaron un convenio de colaboración que permitía un avance para as dúas entidades e, en definitiva, para os usuarios/as do servizo galego de saúde. A partir de entón, os establecementos de óptica comezaron a realizar unha avaliación das persoas que, remitidas polos facultativos especialistas en medicina familiar e comunitaria, precisaban dunha análise por parte de ópticos e optometristas, para logo recibir no Sergas esta avaliación e poder traballar en base a ela. Esta avaliación non tiña custe para os usuarios xa que era feita de maneira gratuíta polos ópticos. Esta situación foi aceptada polo Colexio e os seus asociados por comprender que, de inicio, favorecía a difusión da necesaria introdución da súa labor no contexto do sistema sanitario, así como establecía unha canle de vinculación do usuario co establecemento, pois é constatado que a maioría dos que precisan dos servizos dunha óptica acoden a aquela na que previamente fixeron a avaliación. O volume de avaliacións realizado, calculado en torno a 60.000 ao ano nos últimos de execución do convenio.

Non en tanto, esta situación sempre foi comprendida como circunstancial e de transición, e así foi acordado pola Consellería do momento e o propio Colexio Oficial. O cambio de goberno en 2009 mudou a concepción do convenio, pasando a entender que era unha situación estabilizada e sen propor en ningún momento ningunha mellora, facilitación de progresos ou introducir variables de compensación económica co paso do tema. Tampouco contribuíu a que dende o Sergas se valorizase a figura dos ópticos e optometristas, pois foron habitualmente subordinados a profesionais do propio Sergas, cando a realidade é que o seu traballo é complementario a outros especialistas que si están dentro da plantilla do servizo. O horizonte desta situación, que é a inclusión progresiva e



sistemática da figura do óptico e optometrista no servizo galego de saúde tampouco foi tida en conta, e dende a propia Consellería rexeitouse de plano calquera vía proposta para comezar a estudar esta solución, ao contrario que outras CCAA de España están facendo coa incorporación desta categoría laboral nos seus servizos autonómicos de saúde.

No ano 2020 o Colexio de Ópticos e Optometristas decidiu renunciar ao convenio, por decisión da súa asemblea, o que puxo no aire a capacidade e calidade asistencial neste área dos usuarios do Sergas. Aínda que a pandemia freou o impacto desta decisión, a realidade é que esta situación vese agora plasmada. O Sergas formulou individualmente a cada establecemento a posibilidade de sumarse ao convenio, sen alterar ningunha condición nin considerar algunha mellora para tratar de atender as demandas do colectivo, de maior consideración pola súa profesión e de comprometer algúns avances para poder manter o servizo. Lonxe diso, a negativa do Sergas provocou que onde antes existían máis de 600 establecementos adheridos, agora non chegan a dous centenares. Isto provoca que se rompa a equidade asistencial, xa que existen poboacións que non dispoñen desta posibilidade, e tamén provoca que o propio sistema público estea provocando desequilibrio competitivo entre empresas, ao recomendar aos seus pacientes unhas e non outras.

Fronte a esta situación, o Goberno de Galicia afrontou a situación negando a posibilidade de ampliar o convenio en condicións para os establecementos (o que facilitaría que moitos deles puidesen volver a reintegrarse dentro del) e negándose, tamén, á estudar outras modificacións ou alternativas. O tempo vai dando a razón á necesidade de afrontar unha volta a un modelo máis amplo, e non é posible pretender facer recaer a responsabilidade sobre a labor dos propios profesionais e establecementos, esixindo deles que entreguen traballo, tempo e materiais para realizar unha labor da que se beneficia o Sergas.

Ante esta situación hai iniciativas noutras comunidades autónomas que avalían un paso máis que é integrar a ópticos e optometristas ao sistema público de saúde. Así o está facendo Murcia, co anuncio da convocatoria de prazas para o Sistema Murciano de Saúde, integrando a labor destes profesionais dentro do sistema público de saúde como profesionais sanitarios que son.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera o goberno da Xunta de Galicia que a calidade asistencial actual para os usuarios do Sergas está igualmente garantida agora que antes do cese do convenio co Colexio Oficial de Ópticos e Optometristas de Galicia?
2. Por que o Sergas non formulou en ningún momento na última década melloras para manter a vinculación do convenio asinado co Colexio de Ópticos?
3. Cre o goberno da Xunta de Galicia que é necesario comezar a formularse a incorporación de ópticos e optometristas ao persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde? Por que o rexeitaron sistematicamente cando foi proposto polo colectivo de ópticos e optometristas?

Pazo do Parlamento, 25 de novembro do 2022

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 25/11/2022 11:41:21

Marina Ortega Otero na data 25/11/2022 11:41:29



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

